

# ***ACHEGAS SOBRE O ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO. RESPOSTAS A UN CUESTIONARIO***<sup>1</sup>.

**AUTOR.- JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO**

**Revista “ENTROIDO EN GALICIA”, 2026, páxs. 66-68. Ed. Periódico “O SIL”. O Barco de Valdeorras (Ourense)**<sup>2</sup>

## **CUESTIONARIO**<sup>3</sup>

### ***1. - ¿CAL FOI O SEU PRIMEIRO CONTACTO CO ENTROIDO? ¿FOI XA NA PROVINCIA DE LUGO OU FOI ANTES?***

A finais da década dos cincuenta e comezos da dos sesenta do século pasado, cando aínda era un rapaciño, adoitabva vestirme con roupa usada e vella da miña nai. Logo, soía saír con outros pequenos, veciños meus, e íamos visitar algunhas casas do barrio lucense, onde vivíamos, por se os seus moradores tiñan a ben darnos algún doce ou cartos cos que poder tomar algún refresco.

Pasados os anos, e xa sendo profesor numerario do I.E.S (Instituto do Ensino Secundario) “Xoán Montes” de Lugo comecei as miñas pescudas inicialmente sobre a relixiosidade popular na provincia de Lugo e, logo, na década dos noventa sobre o Entroido na devandita provincia. Así, fixen investigacións sobre os seguintes entroidos lucenses:

- \* Os Entroidos de Vilaíxe (Chantada) e Santiago de Arriba (Chantada).
- \* O Entroido de Salcedo (A Pobra de Brollón).
- \* O Entroido dos compadres e comadres de Monforte de Lemos, O Saviñao, Pantón e Sober.
- \* O Entroido de “Val de Francos” (Castro de Rei).
- \* O Entroido de Bazar (Castro de Rei).

---

1 As preguntas do cuestionario foron realizadas pola periodista do Diario “O Sil”, Ángeles Rodríguez.

2 Unha parte deste “Cuestionario” foi publicado nesta Revista en Febreiro do ano 2026.

3 As preguntas do cuestionario foron realizadas pola periodista do Diario “O Sil”, Ángeles Rodríguez.

\* E finalmente sobre os “Enterros da Sardiña” da cidade de Lugo; e das vilas de Burela, Ferreira do Valadouro, Monforte de Lemos, Vilalba e Viveiro.

**2.- DENTRO DO MARCO DAS CELEBRACIÓNS TRADICIONAIS ANUAIS. ¿QUE SINGULARIDADES DIRÍA QUE PRESENTA O ENTROIDO? ¿POR QUÉ CRE QUE TIVO, E NALGÚNS LUGARES AÍNDA TEN, TANTO ARRAIGO E TANTA FORZA FRONTE A OUTRAS TRADICIÓNNS? ¿QUE O FAI TAN IDENTITARIO PARA AS ALDEAS QUE O CELEBRAN?**

O tempo de celebración do Entroido é moi variable. Así– segundo *Vicente Risco*-adoitaba durar unhas tres semanas nas que compría sinalar os seguintes días: o domingo fareleiro; o xoves de compadres; o domingo corredoiro; o xoves de comadres; e os días grandes do Entroido, que se correspondían co domingo, luns e martes. Eventualmente, tamén o mércores de cinza. Ademais, era mester facer alusión ao domingo de piñata, primeiro domingo de coesma, que se celebra nalgunhas zonas. O Entroido galego de máis días de duración radicaba na vila ourensán de Xinzo de Limia.

Con respecto á provincia de Lugo, os días do Entroido concéntranse no Domingo e Martes, considerados como os días importantes desta festividade. No obstante, cómpre sinalar as seguintes excepcións: en Santiago de Arriba (Chantada), tamén se festexa o domingo fareleiro e o domingo corredoiro, e dicir, os dous domingos anteriores ao Domingo de Entroido. O xoves seguinte ao “domingo fareleiro” conmemórase o “xoves de compadres”, que se sigue celebrando en maior ou menor media nos municipios das “Terras de Lemos”, como Monforte e Sober – vilas básicas de celebración- Pantón, Pobra de Brollón, Bóveda e o Saviñao. Unha semana despois celébrase nos mesmos lugares o “xoves de comadres”. En Salcedo (A Pobra de Brollón), tamén se celebra o luns de Entroido coa famosa “saída do oso” polas distintas rúas da vila. Nesta vila cómpre sinalar tamén“ os desfiles de madamas e galáns”, que teñen lugar o domingo e martes de “Entroido. Ademais, son importantes a representación de oficios mímicos e algunhas pezas teatrais elaboradas pola Asociación de Salcedo. Na Terra Chá, é mester sinalar “ O Entroido de Val de Francos (Castro de Rei), cos seus famosos sermóns. O mércores de cinza, conmemórase “ o Enterro da Sardiña”, na cidade de Lugo e nas vilas de Monforte, Burela, Valadouro, Viveiro, e Vilalba. O sábado de piñata, festéxase en Ribadeo coa queima do Entroido, boneco de varios metros de altura.; no ano 1998, este boneco -símbolo do Entroido- entrou no Libro Guinness de Records cunha altura de 13,32 metros. Así mesmo, o domingo de piñata conmemórase na localidade de

Lourenzá. Finalmente, nos últimos anos comezan a recuperarse algúns Entroidos dos municipios de O Courel, Monforte e Sober.

Esta conmemoración festiva caracterízase por unha serie de trazos moi peculiares, que fan desta celebración algo especial e propio.

\* Trátase dunha festividade de tránsito entre o solsticio de inverno e o equinocio da primavera co que iso conleva nos ritmos da natureza. Isto implica que algúns rituais deste momento festivo sexan indicadores dun novo mencer fronte a escuridade. En definitiva estamos ante a dialéctica *VIDA-MORTE*, saíndo triunfadora a primeira. Na actualidade, a idea de vida e fertilidade está moi presente cando “os volantes” de Santiago de Arriba (Chantada) pasan por riba dos campos e terras de labor. Tamén, as chocas e campaiñas, que soan durante o Entroido, simbolizan a vida, e alonxan o mal das comunidades. Así mesmo, en Salcedo (A Pobra de Brollón) hai a tradición do poder protector e fecundante, que posúe “a mascarada do Oso”.

\* É un tempo de transgresión da orde habitual; de ruptura de todas as normas; de inversión de valores. Un tempo axeitado para que todos podamos simbolizar un papel diferente ao que temos na vida cotiá. E isto realízase, as máis das veces, por medio dos disfraces e as máscaras, que nos permiten levar a cabo -polo seu carácter de invisibilidade- aquilo, que sería inviable nun tempo normal.

\* No Entroido estamos ritualizando o lado escuro e funesto do ser humano. A súa animalidade, as súas máis baixas paixóns, os seus excesos na comida e na bebida.

\* O Entroido provoca un desafogo psicolóxico no sentido de que se trata dun festexo catártico e liberador das tensión acumuladas ao longo do ano.

\* No tempo de Entroido, os praceres carnais están personificados por medio de animais vivos, como o galo, que ten fama de ser un dos máis luxuriosos. No obstante, tamén se usan figuras de animais, que foron asociados por tradición non só coa lascivia, senón tamén con outras formas de comportamento carnal, como a gula, a preguiza etc. Así, podemos sinalar a vaca, o touro, a mula, o oso. Ademais, hai representacións dunha animalidade en abstracto, reflectida por unha serie de atributos como as peles, cornos, máscaras con figuras de animais. Tamén, hai outras formas de simbolizar ao Entroido: unha delas é a vellez; polo tanto, non resulta estrano ver moitos disfraces de roupas e caraútas vellas. Así mesmo, o Entroido tamén está personificado naquelas persoas

disfrazadas con vestidos de luxo, como é o caso das Madamas; os Galáns; os Señoritos. O luxo está relacionado coa voluptuosidade, co pracer sexual

\* Este tempo representa ademais unha loita entre Don Carnal e Dona Coresna, reflectida – segundo termos nietzscheanos- pola relación existente entre dos deuses da Grecia antiga: *Apolo e Dionisios*. Así, **o dionisiaco** simbolizaba a desorde pública, o instintivo, a vitalidade sen freo, a farra, a irracionalidade. Pola contra, **o apolíneo**, representaba todo o contrario, é dicir, a racionalidade, a orde social, a ponderación, o esforzo continuo. En consecuencia, hai unha tensión dialéctica entre o apolíneo e o dionisiaco, que se vai resolver co triunfo do apolíneo, e dicir da orde e do control social.

\* O Entroido ten un fondo contido dramático, xa que é un tempo no que se escenifican e parodian as institucións civís e eclesiásticas por medio de sermóns, e xuízos. E isto faise con ironía, bulra e humor.

\* A máscara é uns dos elementos esenciais do Entroido. É un símbolo claro da animalidade entroidana, que provoca diferentes tipos de emocións: admiración, alegría, medo, temor, inquietude. Non adoita actuar en solitario, senón en grupo formando mascaradas, que percorren as rúas das vilas e os camiños das parroquias. Gozan de inmunidade, o que lles permite botar fariña, auga e nalgún tempo formigas.

\* É un tempo no que as portas das casas están abertas de cara ao exterior, e todos participan dun xeito directo ou indirecto na festa. Ademais, os membros das diferentes casas da comunidade convidan ás máscaras e disfraces a filloas, orellas, freixós, doces típicos etc.

\* O Entroido ten unha finalidade didáctica. O desenfreo e a desorde, que se produce nesta festividade, regulan a orde social. Esta festa estanos ensinando por vía indirecta, que se o exceso na comida, na bebida, e nos praceres carnais fosen continuos, seríamos incapaces de vivir deste xeito, o mundo non se sostaría.

\* Unha das manifestacións do Entroido, que serve de válvula de escape aos asistentes a algúns dos actos deste tempo festivo é o “**riso**”. Todo vale e todo resulta cómico no tempo do Carnaval. A festa non é posible sen permitir que o sentido do humor domine por unhas horas calquera outro sentimento e se imponha no estado de ánimo.

\* É un tempo de alegría, de diversión, de exceso na comida e na bebida. O elemento sexual aparece reflectido nas disputas que había nos xoves de compadres e comadres . Así mesmo, as corridas do galo tiñan un compoñente sexual importante, xa que o galo e un dos animais máis simbólicos do Entroido en canto á carnalidade e luxuria.

En moitos lugares de Europa e de España celebrábanse “corridas de galos”. En Galicia celebráronse ata o último tercio do século pasado nas parroquias pontevedresas de Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobras; en Zás (A Coruña); en Cotobade (Pontevedra); en Viana do Bolo (Ourense); e tamén, como veremos, nalgúnhas parroquias da comarca da Terra Chá, incluído o “Val de Francos”.

O Entroido no ámbito lucense mantén o seu enraizamento debido a que as súas expresións ritualísticas seguen transmitíndose por tradición oral de país a mozos, facendo posible que esta festividade siga conservándose na actualidade. Constitue unha expresión colectiva de identidade das diferentes comunidades nas que aínda se conmemora. Este evento profano adquire un gran significado nalgúns lugares ata o punto de acadar máis relevancia que calquera outro evento relixioso. No obstante, hoxe á precariedade demográfica existente en moitas comunidades motiva que algúns membros das mesmas estén dando a coñecer a súa tradición entroidana de primeira man e, polo tanto, dun xeito obxectivo nos Centros de Ensino primario e secundario. Ademais, cómpre que as diferentes Asociacións culturais das parroquias leven a cabo nos seus centros de reunión “talleres” de aprendizaxe dos diferentes rituais entroidanos mais sempre axeitados a diferentes niveis de idade.



**FOTO 1 . A QUEIMA DO MECO. RIBADEO.**



**FOTO 2. ENTERRO DA SARDIÑA (LUGO). O GRAN ESPETÓN RECITA OS FERRETES.**

**3.- CANDO SE FALA DE ENTROIDO OU DE MASCARADAS SEMPRE SE ASOCIA CON MANIFESTACIÓNS “PROFANAS”, PERO ¿ PODERÍA ESTABLECERSE ALGUNHA RELACIÓNS ENTRE ELAS E O SACRO, A RELIXIOSIDADE POPULAR?**

Nesta provincia, cando falamos de “mascaradas” podemos apreciar unha interacción entre o “sacro” e o “profano” nos seguintes elementos e manifestacións:

- \* En **Santiago de Arriba (Chantada)** “ a mascarada do volante” posue un elemento esencial que é “o pucho”. Pois ben, a base do pucho está constituída por un armazón de arumes e vimbios, que se *asemella a forma do camarín da Virxe do Perpetuu Socorro*, que se encontra na igrexa desta parroquia. Ademais, neste armazón van fixados cinco penachos de plumas de diferenes cores: dous a cada lado do pucho e un no centro. Pois ben, noutrora *estes plumachos*, segundo **Arauxo E.**,<sup>4</sup> *collíanse do camarín da Virxe*. Había que esperar a que o crego oficiáse a misa para collelos e, logo, á noite traíanse de novo. Hoxe, utilízanse uns traídos de ultramar.
- \* Na **parroquia de A Ermida (Quiroga)** hai dúas mascaradas antigas, que *son o MECO e as PAMPÓNIGAS.*

4 ARAUXO, Emilio.: *SE TODA A VIDA DOS VELLAS E DOS POR NACER (O ENTROIDO RIBEIRAO)*, Santiago de Compostela; AMASTRA-N-GALLAR, 2014.

\*\* *O MECO* tivo nomes máis acordes que a do persoeiro actual. E, así, os nomes *de Felo e Gracioso* substituían a do Meco, que sempre foi consideraedo nalgúñas localidades galegas un persoeiro ligado á festividade do Entroido. Este personaxe estivo ligado dende sempre a “*Casa de Eliseo González*” do San Vitorio (A Ermida). Respecto a súa vestimenta vai provisto dunha careta de madeira, na que se reflicten trazos demoníacos. Na cabeza leva un sombreiro de cor vermello, que se prolonga ata as costas, formando unha especie de “molida” -parte branda ou cabezal-. Tanto o xersei coma o pantalón son, tamen, de cor vermello. Ademais, o pantalón leva unhas franxas laterais de cor branco con pequenos resaltes de cor vermello. No ano 1984, *José González Rodríguez*, nacido na Ermida e vinculado coa “*Casa de Eliseo González*” construíu unha nova caraúta de bidueiro para o Felo, xa a antiga, de castiñeiro, estaba moi deteriorada. Ademais, realizou unha caraúta pequena para o seu fillo, que daquela tiña oito anos. Isto motivou que no ano 1984, previo permiso do párroco de “A Ermida”, saísen por primeira vez na procesión dous mecos, costume que continuou ata o ano 1992. Dende o ano 1993 representa o “rol de Meco”, *Xoán González Cobo* de 29 anos. O *Felo ou Meco* está moi integrado na festividade da “Virxe dos Remedios”, que se celebra na Ermida (Quiroga), os días oito e nove de setembro. *O Felo* vai iniciando a procesión da Virxe dos Remedios nos días da súa festividade; para anunciar a súa presenza leva na man dereita unha castañola, que repinquee, mentres na esquerda trae unha “vasoira de toxos”( fachuzo de toxos) coa que vai afastando as persoas, que poidan interromper o cortexo procesional. Cando a procesión retorna á igrexa, *o Meco*, axeonllado inclina a cabeza no intre en que introducen a imaxe da Virxe na igrexa. Mentres se concelebra a misa solemne, *o Meco ou Felo* queda no adro da igrexa, onde se leva a cabo un ritual profano consistente en que algúns fregueses tanto da parroquia como de fora vótanlle moedas ao chan. No intre en que o Meco se dobra para recollelas, algunhas persoas danlle labazadas na “molida”,mentres el tenta defenderse co “fachuzo de toxos”.

Noutrora tanto *Eliseo González*, como os seus antergos e o seu fillo *Xoán González Rei* levaron a cabo unha serie de tarefas, que tiñan lugar en diferentes intres da tarde e do serán. Así, nas primeiras horas da tarde participaban na procesión e no ritual profano, que tiña lugar ao carón da igrexa. Logo do xantar familiar, *o Felo*, acompañado dun gaitero e un tamboril, ía por diferentes casas da parroquia bailando ao compás da música có propósito de recadar algunhas moedas, que lle daban polo seu labor. Polo

serán *o Felo* e os seus acompañantes trasladábanse ao campo da festa, onde tiña lugar o mesmo ritual, que se celebrara ao carón da igrexa ao mediodía.

No intre actual, a práctica ritual do *Felo* quedou restrinxida só a procesión e ao ritual profano,, que se celebra ao mesmo tempo que a misa solemne. No ritual procesional, o *Felo ou Gracioso* está levando a cabo unha relevante tarefa relixiosa, xa que está contribuíndo á purificación e santificación do ámbito espacial, que percorre a procesión, non só dirixindo a mesma, senón tamén participando dun xeito directo na veneración á Virxe dos Remedios. Este acatamento realízao mediante unha inclinación de cabeza ou de xeonllos no intre en que a advocación mariana retorna á igrexa, onde se vai concelebrar a misa solemne. No obstante, ao mesmo tempo *o Meco* leva a cabo un ritual profano no adro da igrexa , do que xa teño falado, que indica como os actos cotiás móvense por unha dialéctica continua da que xa os antigos pensadores gregos falaran. Dende a miña perspectiva a dimensión hermeneútica sobre este ritual é dual: así, por unha banda, trátase dunha práctica que contribue a alonxar ás persoas da súa dimensión relixiosa. Mais, por outra, as continuas labazadas, que recibe *o Felo* simbolizan dalgún xeito a saída do Mal, e, polo tanto, do deshonesto, do ilícito desta comunidade quiroguesa.

Antano (Ano 1882) *o Felo* pola tarefa, que realizaba, recibía do mordomo da confraría da Nosa Señora dos Remedios unha remuneración económica, procedente da esmola, que se recadaba na festividade mariana dos días 8 e 9 de setembro. .

“ *Felo y un gigante.....8 rs*”

\*\* *AS PAMPÓNIGAS* son dous xigantes, que simbolizan a un home e a unha muller. As súas cabezas son de madeira e o seu armazón inicialmente de madeira foise apolillando, o que dificultaba o labor dos seus porteadores. Isto motivou que se fixese un novo armazón de aluminio co que o peso das *Pampónigas* reduciuse. *A Pampóniga*, que representa a unha muller, vai vestida cun sombreiro e traxe vermello, levando na súa boca un acio de uvas. Pola contra, *a Pampóniga*, que simboliza a un home, vai ataviada cun sombreiro e traxe azul e adoita levar unha pipa na boca. Ambos os dous personaxes van na procesión logo do *Felo*, danzando unha peza tradicional da comunidade, recuperada por un gaiteiro da zona chamado *Colomán*. Os seus porteadores, que son fregueses da comunidade parroquial, teñen que ter moita destreza, experiencia e resistencia física, xa que a altura das *Pampónigas* é considerable. Estes personaxes son moi similares aos *Cocos* de Lourenzá e Ribadeo. Hai anos, os seus

porteadores recibían un estipendio pola súa participación na procesión, ao igual que o *Felo*. Cando a procesión retorna á igrexa, ambos os dous perseiros, colocados nos flancos da porta do recinto sagrado, inclinan cadansúa cabeza no intre en que a imaxe da Virxe entra no templo. Este ritual de veneración é moderno, xa que comezou a utilizarse hai uns corenta anos aproximadamente

No transcurso dos anos houbo unha serie de persoas da comunidade, que levaron a cabo “o rol” de *Pampónigas* dun xeito continuo. Así podemos citar, entre outros, aos seguintes porteadores de mayor a menor antiguidade: *Gervasio Vila, Luís Montenegro, Santos González Macía, Vicente Rodríguez, Sergio Delpont, Antonio Ferreiro Puga, Sergio Ferreiro...*

Nas mesmas datas, conmemórase na vila ourensán de Castro Caldelas, situada na outra beira do río Sil, a festividade da patroa adicada á mesma advocación que na Ermida (Quiroga). Na procesión sae unha máscara, que recibe o nome de *IRRIO PELIQUEIRO* e que amosa algúns trazos semellantes ao *Felo* da Ermida. A máscara leva una especie de frac, que presenta grandes botóns no peito. A parte posterior da cabeza vai cuberta cun pano de cor vermello e a cara cunha careta de madeira, que simboliza a un home con barba. Na súa man dereita, leva unha pelica coa que pode golpear as persoas con prudencia. A máscara orixinal unicamente sae na procesión do día da Virxe dos Remedios e nos actos protocolarios da festa. Para o resto de cada xornada da fest de Os Remedios sae unha réplica. Dende o ano 1839 está documentada a súa presenza na procesión da patroa local. A identidade do irrio non pode ser descuberta, e dispón mesmo dun xeito oficial dos seus propios fueros. Así no ano 1951, o alcalde da vila proclama un bando, no que facía saber o seguinte:

1º. A persoa do *Irrio* é inviolable e, polo tanto, a ninguén lle será lícito acometelo nin maltratalo de obra, quedando todos obrigados a aguantar as súas persecucións e golpes sempre que sexan dados dun xeito moderado có látego.

2º. Os vendedores de froita, rosquillas etc, aguantaran as apropiacións que o *Irrio* leve a cabo, sempre e cando se manteñan dentro dos límites da moderación, que as antigas normas consuetudinarias permiten.

3º. Consíntense todo tipo de insultos, que se realicen ao *Irrio*, sempre e cando non constituían un deterioro nin unha ofensa á moral, á tradición e á decencial

4º. Se o *Irrio* se excedese nas súas atribucións só o rexedor do concello será a única autoridade competente para impoñerlle a sanción correspondente.



***FOTO 3. O “PUCHO” É A PARTE SUPERIOR QUE LEVA “A MÁSCARA DO VOLANTE”.***



***FOTO 4. O MECO VAI ACOMPANADO DAS PAMPÓNIGAS NA PROCESIÓ DOS REMEDIOS (A ERMIDA) (QUIROGA).***



***FOTO 5. O MECO E AS PAMPÓNIGAS FACENDO UNHA REVERENCIA AO PASO DA VIRXE DOS REMEDIOS (A ERMIDA)(QUIROGA)***


#### 4.- ¿ E HAI RELACIÓN ENTRE O ENTROIDO E A MORTE?

O tempo de Entroido representa a loita entre Don Carnal e Dona Coresna, reflectida – segundo termos nietzscheanos- pola relación existente entre dos deuses da Grecia antiga, *Apolo e Dionisios*. Así, *o dionisiaco* simbolizaba a desorde pública, o instintivo, a vitalidade sen freo, a farra, a irracionalidade. Pola contra, *o apolíneo*, representaba todo o contrario, é dicir, a racionalidade, a orde social, a ponderación, o esforzo continuo . En consecuencia, hai unha tensión dialéctica entre o apolíneo e o dionisiaco, que se vai resolver no tempo do Entroido co triunfo do dionisiaco. E dicir o Entroido é un tempo de alegría, de diversión, de exceso na comida e na bebida. Nesta etapa estamos ritualizando o lado escuro e funesto do ser humano. A súa animalidade, as súas máis baixas paixóns, os seus excesos na comida e na bebida. Ademais, esta etapa provoca un desafogo psicolóxico no sentido de que se trata dun festexo catártico e liberador das tensión acumuladas ao longo do ano.

O Entroido precisa a entronización dun rei ou un deus burlesco ao que se lle rinde pleitesía durante o seu breve mandato. No obstante, no remate da festa vai sucumbir, case sempre no lume, como “chivo expiatorio” non son de todos os vicios e o desenfreno pasional, que afloraron durante a festa, senón tamén de todos os actos funestos e perversos ocasionados polas institucións ou polo comportamento social dalgúns persoas . Nalgúns lugares esta figura recibe os nomes de “*Meco*”, como no “Val de Franco” (Castro de Rei-Lugo); noutros, “*Entrudio*” e “*Lardeiro*”; ademais, xa hai apelativos locais máis específicos, como “*Mikaela*” (Buño- A Coruña); “*Felipe*” ( A Pobra do Caramiñal- A Coruña); “*Facundo*” (Muros- A Coruña) etc.. Nestes casos, adoita queimarse o martes de Entroido ao anoitecer, agás nalgúns lugares. E o caso de Ribadeo (Lugo) onde o sábado anterior ao “domingo de piñata”, queimase un Entroido de grandes dimensión.

Na cidade de *Lugo* e noutras vilas lucenses como *Burela, Monforte, Vilalba, Viveiro, Valadouro*, hai o costume de realizar o “*Enterro da Sardiña*”, que percorre varias rúas da vila ata o seu tramo final, onde un boneco, que simboliza a unha sardiña e que vai nun cadaleito, é queimado públicamente nun lugar da praza, logo de ter lugar o xuízo correspondente. A *queima realízase en Burela, Valadouro e Vilalba. En Lugo realízase dun xeito simbólico*. Pola contra en *Monforte de Lemos a sardiña tirase ao*

*rio Cabe.* O Enterro trata de ser unha imitación burlesca e cómica dun cortexo fúnebre. Celébrase o mércores de cinza, que dende unha óptica relixiosa e o primeiro día da Coresma nos calendarios litúrxicos anglicano, católico e protestante. Dende esta perspectiva, é un período de austeridade e tranquilidade. É unha maneira axeitada de comportarse tendo en conta que ao remate da Coresma celébrase a morte e a resurrección de Xesucristo. Dun xeito xeral, o enterro e queima da Sardiña simboliza, usando termos nietzscheanos, ó tránsito do dionisiaco ao apolíneo. O dionisiaco, como vimos, correspondería ao período festivo do Entroido, caracterízase como o mundo da vontade inconsciente; o desenfreo vital; a liberación dos instintos e pasións humanas; o caos; a desorde; a irracionalidade; o descontrol sexual... Nesta etapa festiva era e segue sendo moi normal que ás persoas lles suscite risa determinados actos, que se realizan durante este período, pola inversión de situacións e polas parodias de diferentes feitos da vida real.. Agora ben, estes trazos definitorios do “estado dionisiaco” estanos ensinando por vía indirecta, que se o exceso na comida, na bebida, e nos praceres carnaís fosen continuos seríamos incapaces de vivir desta maneira, o mundo non se sostaría. Unha das funcións do Entroido é a de socializar ás novas xeracións, na idea de que para a vida en comunidade, a orde social e a convivencia son mellores que a desorde e a intolerancia. Polo tanto, cómpre deixar o dionisicaco e incorporarse ó apolíneo, e dicir ao “statu quo” de sempre; á vida cotiá, que encarna a realidade da representación conscente; á orde; ao control social; á racionalidade; á virtude... Pois ben, este tránsito vaise levar a cabo por medio da queima do boneco da sardiña, xa que o lume é un símbolo ambivalente en canto que propicia a morte mais tamén unha rexeneración, unha renovación. Agora ben, a realidade actual foise convertido co paso dos anos en moi impersoal, deshumanizante, cunha perda de valores moi sinificativa, na que cada vez máis hai unha carencia de criticismo, para ir aceptando en contraposición o “políticamente correcto”, seguindo o dito ¿Onde vas Vicente, onde vai a xente?. Polo tanto, cada vez faise máis complexo e difícil poder acceder na súa operatividade aos conceptos de “existencia auténtica”, que preconizaban os filósofos existencialistas ou mesmo acadar “o proxecto vital” de Ortega e Gasset ¿ Que pensan vostedes.



*FOTO 6. A SARDIÑA É TIRADA AO RIO CABE  
(MONFORTE DE LEMOS)*



*FOTO 7. QUEIMA DA SARDIÑA EN VIVEIRO*

**5. VOSTEDE TEN ESTUDIADO DIVERSAS MANIFESTACIÓNS DO ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO ¿QUE ASPECTOS DESTACARÍA DENTRO DELAS, TANTO NO ASPECTO DAS MÁSCARAS COMO DOS RITUAIS, FRONTE A OUTRAS DOUTROS PUNTOS DE GALICIA OU DOUTROS LUGARES?**

**\* O ENTROIDO RIBEIRAO (SANTIAGO DE ARRIBA)**

En Santiago de Arriba comeza a celebrarse o Entroido dous domingos denantes ao domingo do Entroido. Recibe o nome de **Domingo Lambedoiro**. Dende hai varios anos a “Asociación do Entroido Ribeirao” desta comunidade adoita invitar neste domingo a outros entroidos galegos para dalos a coñecer na vila de Chantada ao mediodía e, logo, pola tarde á xente, que acode ao “Campo do Moredo”, sito en Santiago de Arriba.

No ano 2024 esta Asociación trouxo o Domingo Lambedoiro como invitados aos seguintes Entroidos: Os Felos de Esgos (Ourense). Os Farrumecos de Sobradelo (Ourense). Os folións e boteiros de Viana do Bolo. Ao “Oso de Salcedo” (Lugo); a aos “Troiteiros” de Bande (Ourense). Estes, xunto cos anfitrións de Santiago de Arriba reuníronse ás 11,30 da mañá na vila de Chantada ao carón do parque infantil. Dende alí levouse a cabo un desfile por diferentes rúas da localidade onde o público asistente puido coñecer as diferentes máscaras e outras peculiaridades de cada Entroido sinalado. Logo, a partir das catro e media da tarde estes entroidos deronse a coñecer no “Campo do Moredo” (Santiago de Arriba), lugar de celebración dende sempre do Entroido desta comunidade.

Os dous domingos seguintes, chamados **Domingo Corredoiro** e **Domingo de Entroido**, e o **Martes de Entroido**, os volantes percorreron todos os carreiros da comunidade parroquial deténdose naquelas casas habitadas, nas que os seus donos lles ofreceron viño da ribeira e algunha que outra vianda. Ata o ano 2012 o habitual era que visitasen en primeiro termo a “Casa de Pepe da Proba”, que xa tiña preparados baixo o alpendre os vasos axeitados para enchelos dun bo viño branco.

Todos os días do Entroido celébrase un xantar a primeiras horas da tarde baixo unha carpa cuberta e adosada a antiga escola, situada no “Campo do Moredo”. Adoitan asistir os participantes no Entroido; algúns veciños; amigos; e tamen algunhas persoas, que veñen xa ao mediodía para asistir “ao festexo entroidano” da tarde. Logo do xantar, xuntouse un grupo de maragatos e volantes na estrada, que da acceso á vila de

Chantada e segue ata os Peares. Desde alí iniciase as 16 horas a comitiva ata o “Campo do Moredo”, lugar de celebración do Entroido. Esta soe estar integrada non só polos “*volantes e maragatos*”, senón tamén por algúns veciños e persoas foráneas, que veñen a ver os diferentes oficios. Ademais, esta comitiva adota estar amenizada polo grupo de gaiteiros de Vigo, denominado “*Xente de aquí e aculá*”.

Este grupo leva actuando neste Entroido dende finais da primeira década deste século. Está composto polas seguintes persoas: *Jennifer Prado, David Rivera, Jandro Barciela, Esteban Lago*. Cada día do Entroido, tocan máis de 60 composicións musicais, predominando “as muñeiras” e “as xotas”. Con todo, teñen unha especial importancia as seguintes composicións: “A marcha do Entroido” a as “Dúas marchas dos oficios”. Ambas as dúas diferencianse pola melodía, xa que o patrón rítmico era o mesmo.

Cando a comitiva chegou ao lugar de “*O Pedroso*”, dividiuse en dous pequenos grupos: un deles, composto por algún volantes – un co pucho- e maragatos baixaron por un camiño e atravesaron as hortas e os campos, que había, ata chegar ao Moredo. O resto do grupo, así como o público acompañante continuou polo camiño habitual. Dende sempre, os volantes pasaron polas hortas e polas terras de labor, sendo considerado como algo benefactor pras mesmas, ata o punto que os mesmos propietarios acceden gustosos e mesmo queren este ritual de paso.

Xa no Moredo, tanto os volantes como os maragatos cumpriron coa súa función específica. Así, mentres os volantes bailaron e exhibiron os seus traxes diante do público asistente, os maragatos protexeron aos volantes no seu baile e, posteriormente aos mecos na realización dos diferentes oficios. Estes consistiron en curtas representacións teatrais nas que se aludía a diferentes sucesos da realidade en xeral e da vida cotiá das persoas en particular, usando como instrumentos básicos a bulra, a sátira, a ironía...

O martes de Entroido, ao rematar os oficios, os volantes levaron “*os puchos*”, que se usaron no Entroido, para o campo da festa. Alí, deixaronos no chan, e fixeronlles unha breve danza ao redor. Seguidamente, *as choronas* puxeronse de xeonllos no chán acompañadas dos *maragatos e volantes*, que quitaron as súas máscaras como despedida ao pucho. Ao rematar “*o choro*”, un dos maragatos recolleu o pucho grande e cruzou as hortas ao revés, mentres que un volante acompañou ao maragato, que gardou o pucho ata o ano seguinte.

Logo do choro, faise unha churrascada baixo a carpa ata ben entrada a noite. E deste xeito remata o Entroido, xa pensando no ano vindeiro.

## **\*\* O “ROL” DA MULLER E DOS CATIVOS NO ENTROIDO RIBEIRAO.**

Case sempre o papel da muller nos medios rurais foi dunha gran relevancia de cara ao mantemento da “Casa familiar”. A muller leva a cabo unha dobre tarefa. Por unha banda ocupase das tarefas domésticas ligadas coa limpeza, coa cociña e cos nenos no suposto que os haxa. Tamén se adica a axudar ao seu cónxuxe nas tarefas agropecuarias. Pois ben, este labor constante e permanente da muller no seo da unidade familiar proxéctase tamén de cara a algúns eventos festivos como é o caso do Entroido.

Neste festexo a súa tarefa era ardua e menos visible que a do home sobre quen xiraba o eixo da festa. A muller permanecía nun segundo plano, encuberta como espectadora máis que como actora, como elemento pasivo e non activo. E o intre no que cómpre difundir o importante “rol”, que amosa a muller neste evento festivo, no que ata hai ben pouco non podía participar co home dun xeito visible de cara ao público – agás nalgúns oficios-.

Polo que respecta ao Entroido de Santiago de Arriba, a muller desde sempre é a que lava os traxes; compra o papel de pinocho; cortao e, logo, realiza as flores do pucho; tamén

as cintas ou colonias de diferentes cromatismo. Se as flores e cintas se humedecen ten que facelas de novo; ás veces nun curto tempo o que a obriga a empregar moitas horas de traballo. No intre actual, como xa vimos anteriormente, a única persoa que sabe realizar as flores do pucho, segundo a tradición parroquial, é *Marisé Rei*. Outras mulleres, como Carmen Rei, Vanesa, Alba Quintela, axudana a cortar o papel: realizar as colonias; atar as cintas; e mesmo colocar as flores no pucho, aínda que nesta última tarefa axudana tamén os homes, na súa maioría pertencentes a “Asociación do Entroido de Santiago de Arriba”.

Nos días propios do Entroido, as mulleres da asociación encarganse tamén da tarefa gastronómica, consistente en realizar varios encargos, cociñar algúns platos, poñer a mesa ...Logo, a tardiña pasan bandexas de empanada, carne e doce entre o público asistente ao festexo, que adoita acompañar co viño tinto da ribeira, que ten a súa disposición ao carón da “*Cantiña do Moredo*”, moi ben atendida por *Jordi González*. No obstante, dende mediados da primeira década deste século os homes da Asociación

do Entroido de Santiago de Arriba comezaron a axudar a muller nos labores gastronómicos: facendo o churrasco, poñendo a mesa, indo a algúns encargos ligados coa gastronomía...

Ademais, e isto é moi relevante, a muller, co paso do tempo, acadou participar neste evento festivo como unha máscara máis, e así no intre actual podemos ver como as mulleres xa non so axudan nos oficios, senón que se visten de volantes e maragatos en calquer día do Entroido. Mesmo, no martes de Entroido houbo anos nos que a participación da muller como volante foi maioritaria. Sen logar a dúbidas unha conquista da muller merecida.

Antano, non había participación infantil no Entroido. Dicíase que era algo exclusivo dos homes. No obstante, dende que comezou a funcionar a *“Asociación do Entroido de Santiago de Arriba”* a mediados da primeira década deste século unha das cousas prioritarias ,que levou a cabo, foi que o neno coñecese o Entroido e que participase nel. Efectivamente, como autor deste traballo<sup>5</sup>, puideron constatar durante varios anos como dende o principio os pequenos cunha curta idade – algúns con tres anos- comezaron a participar como volantes, e maragatos axudados polos adultos. Ademais, o martes de Entroido foron aprendendo o labor de “meco” intervindo nalgúns oficios cos adultos. Mesmo, neste día houbo oficios nos que a participación infantil foi maioritaria. Polo tanto, este Entroido non depende dos adultos como noutrora, senón tamén dos pequenos, de aí que sexa un Entroido rexuvenecedor.

**NOTA.- POR NON REPETIR ALGÚNS CONTIDOS, A DINÁMICA DAS MÁSCARAS VAI SER CONTESTADA NAS CUESTIÓNS 6ª E 7ª.**

**\* O ENTROIDO DE SALCEDO (A POBRA DE BROLLÓN)**

Dende hai algúns anos, as actividades do Entroido están planificadas pola *Asociación de veciños de Salcedo*, que nestas datas conta coa colaboración non só dos seus integrantes cotiáns, senón tamén coa doutros veciños que se afanan por fomentar o espírito lúdico do Entroido.

---

<sup>5</sup> O autor, D. Xosé Manuel Blanco Prado, estivo neste Entroido como investigador e como amigo, dende o ano 2005, ata o ano 2024, pensando seguir asistindo se a saúde me acompaña. Puiden comprobar o alto grado de participación infantil neste festexo.

As primeiras celebracións corresponden ao chamado “*xoves de compadres*”, que tiñan lugar na segunda semana anterior ao Entroido; neste día as mulleres facían uns bonecos de palla ou cartón, que representaban a una serie de homes da localidade e aos que trataban de vencer empregando o lume como medio básico do seu dominio. Pola contra, os homes tentaban, mediante todo xeito de enganos e artimañas, apoderarse dos bonecos para que non se cometa tal aldraxe.

O xoves seguinte, celébrase o “xoves de comadres”, que vén ser a inversión do anterior. En ambos os dous casos o que se estaba a facer non era outra cousa máis que a representación simbólica dunha loita de sexos. Esta actividade segue latente, aínda que xa oficializada, noutros concellos da Terra de Lemos, como poden ser Bóveda, Monforte e Sober, por citar algúns.

Antano, entre ambos os dous xoves celebrábase o “*domingo corredeiro*”, día no que os máis dos veciños da parroquia se perseguían botándose os uns ós outros diferentes sustancias coma o *sarrío*, que quedaba nas cociñas tradicionais galegas.

No “*domingo do Entroido*” saen *as madamas e os danzantes*, en número que vai entre cinco a sete parellas. As madamas levan unha blusa e falda branca, e van tocadas con sombreiros ornamentados con flores e cintas de papel, que recibían o nome de colonias; as súas caras ían cubertas por antifaces de diferente cromatismo. Os danzantes van vestidos cun traxe escuro, camisa branca, gravata negra, sombreiro e unha careta branca. Segundo algúns veciños, ambos os dous persoiros poderían simbolizar ás persoas ricas da localidade; por tal motivo non era estrano que antano, para representaren as súas vestimentas, houbera que ir, coa debida antelación, aos tendais dos ricos para collerlles as roupas axeitadas.

Así mesmo, teñen como misión ir buscar, cos gaiteros de Salcedo, *ao morrión*, é dicir as máscaras que, acompañadas por cativos, levan a cabo nun local axeitado unha representación mímica sobre algún comportamento social ou evento, que tivera gran transcendencia na localidade. Así, por poñer un caso, hai bastantes anos veu a Salcedo un home que, segundo comentaban, vendía lavadoras; andou por diferentes casas ofrecendo o produto cunhas importantes vantaxes económicas, de tal xeito que, aínda que non traía canda él ningún electrodoméstico, pedía un adianto económico antes de entregar o produto; días despois algúns veciños aceptaron a proposta de quen logo resultou ser un timador. Na localidade o caso foi moi comentado, o que motivou que no Entroido do ano seguinte fixérase unha parodia da estafa. Por outra banda, antano

fixéronse parodias sobre a guerra de Africa e a proclamación da República no lugar do Modillón, situado por riba do adro da igrexa parroquial

Á noite, celébranse no local multiusos da localidade varias representacións teatrais dialogadas, que abranguen desde obras elaboradas por membros da localidade ata adaptacións realizadas ao galego de clásicos como **Moliere ou Shakespeare**. Cada función planifícase en diferentes obras: infantil, xuvenil e adulta, participando como actores diversos veciños, de diferentes idades, da localidade.

No ano 2008 cumpriuse o cincuenta aniversario das representacións teatrais do Entroido. O concelleiro de Cultura de Salcedo, **Javier González**, mencionaba que el teatro es un nexo de unión en la localidade. Allí vivimos 70 vecinos, de los cuales 40 nos juntamos en las noches de invierno para escribir y representar estas pequeñas obras. Tanto neste ano como no seguinte – 2009- realizouse unha función teatral tanto o sábado como o domingo, na que se representaron sete obras. Houbo unha gran afluencia de público ata o punto de que o local fíxose pequeno para dar cabida á cantidade de persoas, que querían asistir. Neste últimos anos, unha das pezas que se interpretou foi “**A petición de man**”, que ten cinco persoeiros: **Raúl**, señor maior; pai de Carmen e avogado; **Maruxa**, rapaza de mediana idade, e serventa; **Carmen**, rapaza nova, filla de Raúl, e orientadora laboral; **Rafa**, futuro marido de Carmen e avogado; e **Manolo**, rapaz novo, electricista. Outra, leva o título de “**Non casei con todos**”, e foi representada polos seguintes personaxes: **Rafa**, noivo recién casado, enamorado da súa bela dona; **Luisa**, noiva moi guapa e distinguida; **Lola**, nai de Luísa, vai facer da noite algo inesquecible; **Encarna**, nai de Lola e avoa de Luísa; **Marcial**, amigo de estudos de Rafa; e **Avelino**, amigo de estudos de Rafa. A escena transcurre no salón dunha casa onde se supón que vai pasar a primeira noite de casados unha parella. Esta encontrase entusiasmada porque é a primeira vez que van manter relacións íntimas, despois de sete anos de noivado. Pero todo se vai complicando cando empeza a aparecer xente na estanza, un tras doutro, cada vez máis e máis. Eles pensan que van tolear e pouco lles ha faltar...<sup>6</sup>.

\* **OS XOVES DE COMPADRES E COMADRES NO “VAL DE LEMOS”.**

---

6 GONZÁLEZ, Javier.: *Comedias para un pobo, seis pezas de teatro*, Lugo: Deputación de Lugo. Vicepresidencia primeira. Colectivo Beladona,2014, páxs.57 e 73.

Noutrora en *Monforte* foronse realizando en ambos dous xoves varios bonecos de palla, ben comprimidos e vestidos con roupas de homes e mulleres, previamente roubados aos seus conxuxes ou coñecidos, segundo se tratase do Xoves de Compadres ou do de Comadres. Estes bonecos colocábanos, tanto mulleres como homes, en lugares de difícil acceso como balconadas, tellados, árbores etc., e logo vixiábanos toda a noite. A finalidade era recuperar os bonecos –os homes aos compadres, e as mulleres ás comadres- para impedir que fosen queimados o que daba lugar a unha loita simbólica entre ambos os dous sexos. Había lugares como en *Santa Mariña*, parroquia cercana á vila, onde tanto os homes como as mulleres tisanábanse a cara con cinsa e sarrío das cociñas cando se producían os forcexeos típicos destas datas.

En *Anllo (Sober)* hai xa bastantes anos as mulleres durante a semana de compadres andaban de casa en casa pedíndolle a roupa aos homes de bon modo. Se non a conseguían de broma, roubábana. Á noite do mércores, as mulleres do lugar reúníanse nun local e realizaban os compadres con palla e, logo, vestíanos coa roupa dos seus conxuxes, e coñecidos. O xoves, pola maña cedo, colgaban aos compadres nas árbores, e nos balcóns, e os homes querían quitarllos; isto daba lugar a certos forcexeos coas mulleres, que eran moi celebrados. Pola noite queimábanse todos xuntos e despois bailábase ao redor deles coa música dun acordeón. O xoves seguinte facíase o ritual ao revés.

Na actualidade, os xoves de compadres e de comadres foron institucionalizados por todos os concellos do Val de Lemos. Así, o concello monfortino establece en ambos os dous xoves tres modalidades por concurso: Centros de ensino. Parroquias, Barrios e rúas do Concello. Individuais. Cada modalidade, terá acceso a un primeiro premio, a un segundo, e a un máximo de tres accesits. Ademais o xurado poderá conceder se así o estima un premio especial á Etnografía.

*“A finais do século pasado e no actual participaron ata o intre actual os seguintes centros escolares e garderías: Colexio Ferroviario, Colexio Escolapios, Colexio Novo, Colexio Divina Pastora, Centro de Estudos “A Gandara”, Instituto “A Pinguela”, Instituto “Río Cabe”, Colexio Torre de Lemos, Gardería Infanta Elena e Gardería Caixa Galicia. Con respecto ás asociacións colectivas, bares, barrios, comercios, rúas etc. cómpre facer mención aos barrios de Babela (Distriz), de Piñeira, dos Chaos, de Carude, de Ribasaltas, de Santa Mariña, da Estación, do Casar. Ás asociacións de Auxilia, de Prodeme, do Fabeiro, de Rioseco, das Vivendas sociais do Val de Lemos, de Agora, do Centro social de Caixa Galicia, ao Xeriátrico Asimédica. Ás rúas de A Florida, do Cardenal, do Malecón, de*

*Huertas, da Coruña, do Comercio, do Escultor Francisco Moure, de Ricardo Quiroga. Finalmente a nivel comercial, ao Supermercado Familia, ao Bar “A Palloza”, a Panadería Luna etc. ”*

Hoxe, a maioría dos homes e mulleres colaboran na elaboración dos bonecos do Xoves de Compadres e de Comadres. Estes adoitan ser caricaturas de persoas do barrio, da rúa, ou de persoeiros públicos tanto locais como non. Colócanos nos campos; nas beirarrúas; nas prazas; e ao carón de entidades comerciais e sociais, formando grupos de varias figuras mesmo de vinte e máis, que soen escenificar diferentes tarefas tradicionais e modernas, e ser un poderoso instrumento de crítica, burla e sátira de diferentes eventos sociais.

Ao atardecer dambolos dous xoves, os estudantes dos colexios participantes e un bó número de adultos da vila acoden á praza de España, onde o xurado notifica quen foi agraciado en cada unha das tres modalidades. Logo, na explanada da Compañía, quéimanse os diferentes bonecos que participaron no Concurso. Algúns barrios, e entidades comerciais e sociais, realizan a queima dos seus monicreques no lugar onde están situados. Para tal efecto quitánlles os aramios, que constitúen o soporte básico da figura, así como as roupas que visten. Logo da queima dos monecos hai barrios que seguen coa xornada festiva.

Este nivel de participación, tanto dos colexios como de entidades de índole comercial, social e veciñal, motivou que no ano 2001 a concelleira de Cultura Aida Menéndez fíxese referencia a que a xente de Monforte implícase máis no Entroido que nas festas patronais. Esta afirmación non resulta estraña se temos en conta que nese ano houbo preto de dúas mil persoas ligadas a organización do Entroido . Anos despois –2010– a tamen edil de Cultura, Alicia Cadarso Palau fixo alusión ao importante nivel de participación en ambos os dous xoves, recoñecendo ademais o labor que levaron a cabo os profesores, os alumnos e os pais dos diferentes centros educativos da vila para darlle un maior realce ao Entroido monfortino.

## **\*\* ESCENIFICACIÓN DOS BONECOS.**

A nivel individual e colectivo os bonecos representan - ás máis das veces - dunha maneira burlesca diferentes eventos sociais de índole local, autonómica e estatal. Tamén adoitan ser un relevante instrumento para coñecer diferentes labores e oficios tradicionais.

Pois ben, algunhas representacións levadas a cabo no presente século están reflectidas do seguinte xeito: **Ano 2001.** Na praza de Carude e no Malecón hai unha escenificación das “vacas locas”. **Ano 2004.** Neste ano a boda entre o príncipe D. Felipe e D<sup>a</sup> Letizia vaise representar en varias asociacións, barrios e colexios monfortinos da seguinte maneira: No Chao de Fabeiro, hai unha parodia, que leva por título, “A jet-set do Fabeiro vaise de voda real”. En Prodeme, o título da representación é “Voda Real”. En Carude, “ Despedida de solteira de Letizia”. No colexio da Gandara, “Unha real noiva”. **Ano 2005.** No barrio da Florida escenificáronse dous eventos festivos de carácter local: O Xoves de Compadres: “O San Mateo na Florida”; e O Xoves de Comadres: “As roscas do San Brais”. **Ano 2009.** A crise económica impacta de tal xeito no Val de Lemos, que vai ser un acontecemento do que vai haber varias representacións nas vilas de Monforte e Sober coas seguintes denominacións: Panadería Luna: Xoves de Compadres: “Ere que Ere” (Andalucía). Xoves de Comadres: “Pócima Anticrisis”. Na rúa de San Pedro, a panadería “la Luna” representou a un grupo de bruxas cociñando unha pócima coa finalidade de conxurar a crise. No bar da Palloza: “Remedios contra a crise”. No barrio de Ribasaltas: “A crise das mulleres, cousa de trapos”. Barrio de Carude: “Crisis”. Colexio Ferroviario: “Paseando a dona crise”. Colexio Novo: “Dona crise”. Colexio Infanta Elena: “Dona crise”.

En Anllo (Sober): “Non sobrevivín a crise”. En Matamá (Sober): “A crise fai aproveitálas rebaixas”. **Ano 2010.** As peregrinacións a Santiago de Compostela e a idade de xubilación son dous acontecementos, que aparecen reflectidos nalgúns escenificacións realizadas no presente ano. Así, na rúa de San Pedro, levouse a cabo unha representación relacionada cunha peregrinación a Santiago. Xa, no ano 2004, no lugar de Vilamelle (Pantón) unha ringleira de monicreques con vieiras e bordóns parodiaba á beira da estrada unha peculiar peregrinación xacobeá. Así mesmo, no centro social de Caixa Galicia e na residencia Asimédica realizáronse dúas escenificacións, que aludían ao alongamento da idade de xubilación por parte do goberno central.

**\*\* O COLECTIVO VECIÑAL DE “BABELA” (DISTRIZ) (MONFORTE).**

Dende hai máis de vinte e cinco anos este grupo de veciños dedícanse a representar tanto o Xoves de Compadres como o de Comadres, un material etnográfico de vital importancia de cara aos novos. Así, este colectivo coordinado por un gran home como é **Xusto Prieto Campos** está levando a cabo unha tarefa pedagóxica e didáctica, xa que dende finais do século pasado están dando a coñecer como se vivía denantes nunha casa rural do “Val de Lemos”. Isto conlevaba proxectar ao exterior unha serie de traballos familiares e colectivos, como eran a malla, a sega da herba, a seitura do trigo, a roza dos

toxos, a colleita das patacas, a fornada do pan, a poda das vides, a elaboración de doces, a caza das papuxas . Este grupo ensinaba p.ex. como era o labor de construír as esparrelas de uz, de colocalas entre as silveiras e as zarzas co babullo do fruto, e finalmente a tarefa de preparar as empanadas de papuxas, que tiñan moita sona nas Terras de Lemos, e así facían con outros labores. Tamén amosaban unha serie de oficios necesarios para a súa subsistencia, como eran o dos zoqueiros, o dos ferreiros, o dos carpinteiros, o das leiteiras, o dos cesteiros. Finalmente, tamén mostraban como era o tempo de lecer, reflectido nunha taberna, nunha debulla e esfolla de millo, nun fiandón, nunha seca de castañas, nunha pesca furtiva etc. Na esfolla do millo, daban a coñecer todo o proceso, que ía desde a esfolla, enrastrado, secado e mesmo o uso da palla das mazorcas para encher chergóns, que logo se utilizaban a xeito de colchóns, e así sucesivamente con outros intres de ocio.

Nestes últimos anos, a asociación de veciños a *Xuntanza de Santa Mariña (Monforte)* tamén se adicou a temas de carácter rural, como os da feira, a matanza do porco, e a elaboración do pan e do viño. A representación da elaboración do pan permitiu a esta asociación obter o premio especial de Etnografía no concurso do Xoves de Comadres do ano 2012. Ata ese intre este premio sempre foi gañado polo colectivo de veciños de Babela (Distriz).

### **\*\* OUTROS COLECTIVOS VECIÑAIS. SOBER.**

Outro concello importante polos seus compadres e comadres é Sober, como xa poidemos apreciar por algunhas das súas escenificacións, xa mencionadas. De tódolos xeitos, a nivel de labores e oficios, cómpre distinguir varias. Así en Anllo, no ano 2010, escenificáronse varias escenas rurais ligadas ao traballo do campo e ao tempo de lecer, como eran os diferentes momentos do traballo nos muíños, onde intervía un grupo de compadres e varias caricaturas de burros, que levaban o trigo a moer. O momento de lecer estaba reflectido por un compadre pescando e outros xogando ás cartas.

As escenas características da vida rural tamén foron representadas na aldea soberina de **Matamá**, con vintecinco compadres dedicados a carretar uvas, sacar viño dunha cuba, destilar augardente, e xogar ás cartas

Por outra banda o humor, a ironía, o sarcasmo e a louvanza son trazos que todos os anos podemos percibir nas coplas de compadres e comadres da capital municipal de *Sober* referidas aos veciños e veciñas da localidade.

- \* *“Moitos anos concellal / e solo catro de alcalde /saiunos a bon precio/ casi saiu de balde/.”*
- \* *“Gástase moito gasoil / seica hai que aforrar / traede as mantas da casa / se vos queredes quentar/.”*
- \* *“Temos novos concelleiros / hai que poñelos a andar;/ seica traen pilas novas/ pronto as van a gastar/.”*
- \* *“No concello de Sober, / contratan moitas mulleres./ Están pa tomar café,/ e pa falar coas paredes /.”*
- \* *“Nesta vila de Sober / hai viudas a montós;/ din que envenenan aos homes / para cobrar as pensións /.”*
- \* *“Non se fan con mala fe / as coplas do carnaval. /Fanse para divertirse, / que a ninguén lle senten mal /.”*

Polo que respecta aos concellos de Ferreira de Pantón e a Pobra de Brollón a dinámica festiva dámbolos dous xoves é escasa. Unicamente as dúas capitais municipais e a localidade de Salcedo, pertencente a Pobra, seguen realizando algúns compadres e comadres, que escenifican diferentes eventos sociais, así como diferentes situacións cotiás. En Bóveda e no Saviñao segue habendo algúns talleres de carnaval dirixidos aos máis pequenos.

#### \* **CONCLUSIÓNS.**

Noutrora a festividade do Entroido constituía un tempo de lecer, que era aproveitado por todos os integrantes dunha comunidade. Nos concellos das Terras de Lemos o máximo nivel de participación tiña lugar nos Xoves de Compadres e de Comadres, tempo no que se permitía unha inversión da normalidade da vida cotiá, reflectida nunha confrontación amistosa mais tamén real entre homes e mulleres con motivo da queima ou non dos diferentes bonecos realizados por algún dos colectivos. Esta loita simbólica entre ambos os dous sexos propiciaba unha relaxación e un desafogo psicológico.

No intre actual unha serie de factores como a emigración, o envellecemento da poboación rural, os cambios de mentalidade da nosa sociedade, propiciados polos efectos da globalización e por unha maior mercantilización así como polos novos xeitos

de leer debido á televisión, Internet, discotecas etc., motivaron o declive de moitos rituais non só do Entroido senón tamén doutras festividades.

Neste val gracias ao traballo desinteresado de moitas persoas e aos apoios institucionais séguense celebrando ámbos os dous xoves mais xa con cambios importantes: Perdeuse a confrontación directa entre ambos os sexos. Prodúcese unha oficialización do Entroido en xeral e dámbolos dous xoves en particular. Así o concello comeza a convocar concursos dirixidos a colexios barrios e diferentes entidades coa finalidade de conceder premios aos que realicen os mellores bonecos de compadres e de comadres. Isto pode dar lugar a certa manipulación e control por parte das institucións e por conseguinte a perda do potencial creador dos que participan na festa en calidade de actores.

Con todo, estes xoves seguen cumprindo no intre actual unha relevante función pedagóxica e didáctica. E isto é debido a que os diferentes grupos de bonecos tanto de compadres como de comadres representan diferentes eventos sociais, moitos obxecto de burla e crítica, algúns de louvanza. Ademais nalgúns comunidades rurais os bonecos adoitan escenificar vellos oficios e tarefas cotiás. De todos os xeitos, cada vez máis estáse tendendo a intervir no entroido dun xeito indirecto mediante a contemplación, que dunha maneira directa a través da intervención.

**\* O ENTROIDO DE “VAL DE FRANCOS” (CASTRO DE REI).**

**\*\* RITUAL ANCESTRAL: “A CORRIDA DO GALO”.**

Ata comezos do último tercio do século XX, celebrouse este ritual cruento, que está documentado dende finais do medievo en varios países europeos, como Francia, P. Baixos, Alemaña, e Inglaterra. Tamén, se ten constancia de “corridas de galos” en moitos lugares da península mais dun xeito particular na metade norte. Así, *Caro Baroja*, fixo alusión á celebración deste ritual en diversas provincias españolas como Illescas (Toledo); Madrid; Vilalba da Lampreana (Zamora); Calatañazor, A Figueira e Casarejos (Soria); Alhóndiga (Guadalajara); Allande (Asturias); Nalda e Santurdejo (La Rioja); Gordejuela (Vizcaya). Ademais, se celebraba en numerosas comunidades da provincia de Burgos: Poza de la Sal; El Almiñe; Sotocueva; Castrojeriz; Prádanos de Bureba; Gamonal; Atapuerca; Palazuelos de la Sierra, Santo Domingo de Silos...

Con respecto a Galicia, esta práctica levouse a cabo ata o último tercio do século pasado nas parroquias pontevedresas de Cotobade; O Rosal; Santa Cristina de Cobres e San Adrián de Cobres; nas coruñesas de Sobrado dos Monxes; Trazo; e Zás; nas ourensáns de Viana do Bolo; e a Mezquita; e nas lucenses de Vega de Logares ( A Fonsagrada); algunhas parroquias de Ribeiras de Pequín, e diferentes parroquias da Terra Chá. Na provincia de Lugo, esta práctica ritual adoitaba celebrarse con certa suntuosidade. Na *parroquia de Veiga de Logares, pertencente ao concello de A Fonsagrada*, tiñan por costume enterrar ao galo ata a cabeza. A continuación, aos concursantes tapábanselles os ollos e deste xeito tiñan que procurar cortarlle a cabeza ao galo cunha fouce ou matalo cun pao .Tamén, nalgunhas parroquias de *o concello de A Pastoriza* levouse a cabo este ritual durante moitos anos. Na parroquia vilalbesa de *San Salvador de Lanzós* celebrábase “ a corrida do galo” nun antigo monte veciñal, chamado “ Monte da Pequena”, actual lugar de Brañón. Este ritual consistía no seguinte: “ *Collíase un galo vivo e enterrábase ata o pescozo. De seguido, tapábanselle os ollos cun pano a un dos participantes, e dábanselle unhas voltas para despistalo; a continuación, o concursante tentaba cortarlle a cabeza ao galo cun fouciño. O resto dos participantes animábano, ríanse del, ou memo indicábanlle unha dirección equivocada paera que non dese co galo. Eran poucos os que conseguían atopar o pescozo do galo. O que o lograba levaba como premio o galo. E se non, o galo comíase igual entre todos os concursantes*”. Este ritual realizábase da mesma maneira na parroquia vilalbesa de *San Martiño de Lanzós* .

No *concello de Castro de Rei*, levouse a cabo este ritual nunha serie de parroquias, que tiñan como denominador común a presenza de bastante público e, tamén, algunhas similitudes con respecto ao acto. Así, *na parroquia de Ansemar* ataban unha corda entre dúas árbores e, logo penduraban da mesma a varios galos polas patas. A continuación, os concursantes montados en cabalos, moi ben ornamentados para a ocasión, pasaban a galope por baixo deles e tentaban arrincarlles a cabeza. A corrida do galo nesta parroquia foi descrita por *Edelmiro Garcia* da seguinte maneira: “ *Antes tiraban tamén, arrancábaselle a cabeza ao galo vivo. Iban en bestas e arrancábanlle a cabeza ao galo, colgado dunha pata nunha corda e os corredores iban e arrancábanlle a cabeza, Eso despois prohibirono, agora xa non hai iso*” Con motivo da “corrida do galo” entraban en acción “os fareleiros”. Tratábase dunha máscara, que aínda está operativa na actualidade. Inicialmente, tiña como finalidade protexer ás personas, que acudían a ver “a corrida do galo”, dos xinetes que participaban na mesma. Levaban

unha vestimenta de cor branco e unha caraúta de trazos sinistros. Nas súas mans portaban un bastón do que penduraba un saco de fariña na súa parte inferior. *Na parroquia de Loentia*, colgaban os galos nunha corda dun lado da pista ata o outro; a continuación, pasaban os cabalos cos seus elegantes cabaleiros tirando polas cabezas dos galos, a ver cal arrincaba máis. Os cabalos eran prestados, pero ían enrestrados e moi preparados, con rosas de papel. Ó final ían unha carreira a ver cal gañaba. *Na parroquia de Castro Ribeiras de Lea*, a corrida do galo consistía en colgalos vivos dunha corda. Logo, os cabaleiros a galope, montados nos seus cabalos, pasaban por baixo tentando arrincarlle a cabeza. Ó que o conseguía dábanlle o galo de regalo. Normalmente, ó día seguinte, facían todos xuntos unha comida cos galos acompañada de chourizos, orellas, filloas... Na *parroquia de Bazar*, realizábase “*o ritual do galo*”, no Campo de Carravilar, usando a mesma disposición que nas demais parroquias: xinetes en cabalos moi enfeitados; galos vivos pendurados dunha corda; degolamento dos galos e, como remate, xantar dos galos por parte dos concursantes no ritual.

En varias parroquias do *concello de Cospeito*, como *Bestar*, en vez da “corrida do galo”, levábase a cabo a “corrida do pato”. Este ritual baseábase no seguinte: “*Os mozos de cada parroquia traían polo Entroido patos dunha lagoa próxima e poñíanos boca abaixo, amarrados polos pés dunha corda, atada entre dúas árbores. Logo, pasaban a cabalo por debaixo para arrincarlles o pescozo. Este costume perdurou ata comezos dos setenta. A partir desta data os patos foron substituídos durante uns anos por galos mortos*”. Tamén, se realizaba noutras parroquias próximas como Sisoí, Xermar, Arcillá... Nalgunhas entidades de poboación pertencentes a Francia, Alemaña, Inglaterra, e P. Baixos sacrificábanse gansos en vez de galos <sup>7</sup>; outro tanto, sucedía nalgunhas localidades navarras como Azcárate, Lecumberri, Ciga...

A partir de comezos do último tercio do século XX, esta práctica ritual de carácter cruento foi paseniño substituída por outra incruenta. As razóns ou motivos, que posibilitaron o cambio do ritual están relacionadas por unha banda coas prohibicións gubernamentais, que xurdiron nestes intres; tamén, a presión exercida polas asociacións ecoloxistas dende hai anos; e finalmente, ao rexeite do ritual por parte dalgúns membros das diferentes comunidades nas que se realizaba polo seu carácter irracional e violento.

---

7 GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “Teatralidade e Teatro no Entroido de Galiza”, en *o Patrimonio Inmaterial das Terras de Lemos. Actas do Congreso, primavera-outono, 2009*, Lugo: Lugo Patrimonio, Deputación Provincial de Lugo, páx. 115.

Todo isto ía motivar o xurdimento de novas prácticas rituais de índole racional, que tiñan como finalidade a diversión, o humor, mais tamén servir de crítica burlesca dos diferentes aconteceres da vida cotiá..

## **\*\* XURDIMENTO DUN NOVO ENTROIDO.**

No “Val de Francos” hai tres parroquias: Ansemar, Balmonte e Goberno, que realizan o Entroido conxuntamente dende o ano 1992 no “Campo de Carril” (Ansemar). E esta iniciativa levada a cabo por *Xosé Luís García Cupeiro* de Goberno; *Xoán Carlos Rodríguez Folgueira* de Balmonte e *Xoán Xosé Pita Iravedra* de Ansemar, quedou reflectica na seguinte estrofa: “ *Xa que tres pobos se uniron,/ con unha grande ilusión,/ nunha tarde de harmonía / fan esta celebración.*”. E a este grupo uniuse pouco despois o crego *Xosé Manuel Carballo Ferreiro*, párroco de varias freguesías do concello de Castro de Rei. Este home foi o que realizou todos os textos dos xuizos, que se celebraron dende o comezo desta nova andadura ata o ano 2017, cando finou.

Este novo Entroido distinguíase dun xeito esencial por tres actos, que se celebraban o Martes de Entroido, a saber, “*o Sermón do Entroido*”; logo, “*o Xuizo ao Entroido*”; e, finalmente a “*queima do Entroido*”. Hoxe, segue celebrándose “*o Sermón do Entroido*” e, a continuación a *queima* do mesmo.. Por outra banda, ao longo da historia deste Entroido cómpre sinalar a unha serie de sermoeiros, que merecen o noso eloxio e recoñecemento polo labor, que realizaron no decurso da súa vida. Estes foron: *Laxe de Loentia, Elías de Concha de Ansemar, Salvador de Aguiar de Goberno, Serafín de Tito de Quintela, Eleuto e Hipólito de Ansemar, e finalmente, Edelmiro de Goberno*. Este elaborou os quince últimos sermóns ata o ano 2017, no que colleu as rendas o seu fillo *José Luis Cupeiro*.

O sermón nesta comunidade parroquial – composto por estrofas de catro versos- constituía un importante evento social. Este adoitaba levar unha importante carga de burla, sarcasmo, e crítica sobre unha serie de acontecementos acaecidos durante o ano anterior e o que estaba en curso. No obstante, tamén eran un instrumento moi válido para recoñecer tamén as tarefas positivas levadas a cabo.

Ao remataren o Sermón, levábase a cabo o Xuizo ao Entroido e, logo, a súa queima. Estes actos, que se levaban, no “Val de Francos” con motivo de O Entroido constituían un importante signo de identidade parroquial .

**\*\* ALGUNHAS ESTROFAS DE SERMÓNS NO “VAL DE FRANCOS”.**

**SERMÓN DO 2015.** *“Temos muitas carreteras / que parecen carrilleiras. / Para poder andar por elas / hai que tirarse as silveiras.”/*

*“ Pra gobernar en España / todo o mundo e mui listo,/ e despois de colocados, / roubanlle a capa a un obispo.”*

**SERMÓN DO 2017.** *“ Falando da Seguridade Social / a xente andavos doente./ Pides vez por un infarto, / e dancha pró ano seguinte”/*

**SERMÓN DO 2018.** *“ Imos falar dos maderistas / que teñen moito que rascar, / están desfacendo as pistas,/ non hai por onde pasar”/*

*“Vamos falar dos rapaces, / verán se teño razón,/ antes de que empece a festa,/xa marchan pro botellón./*

**SERMÓN DO 2019.** *“ E tamén che me contaron / que queren as pistas bachear / van empeñar ó concello, / para que os vaíamos votar”/*

**SERMÓN DO 2023.** *“ Prométenche todos moito / Goberno e oposición / eles o que andan mirando / é de encontrar un bon sillón”/*

**SERMÓN DO 2026.** *“ As vías da Diputación / tampouco as hai que chufar / todas cheas de furados / parece que as van plantar”/*

**\* OS ENTERROS DA SARDIÑA.**

Este ritual do Entroido non naceu en Galicia, senón que veu importado de Madrid a onde no reinado do monarca borbónico *Carlos III*<sup>8</sup>, procedente dalgún porto do norte de España, un cargamento de sardiña en mal estado, polo que as autoridades competentes, malia as condicións de pobreza da poboación, acordaron enterralas na «Casa de Campo». O pobo, aínda que ao comezo protestou e provocou algúns incidentes, logo participou cun tono burlesco e sarcástico en dito enterro, que sería

---

<sup>8</sup> O seu reinado estendeuse desde o ano 1759 ata o ano 1788.

recordado anualmente. Outra variante sería a dos ilustrados madrileños que tomando como motivo estes acontecementos da fame popular, parodiaron o enterro do peixe e repetírono en anos sucesivos.

Posiblemente a descrición máis antiga que se conserva deste ritual madrileño sexa a de **Ramón de Mesonero Romanos**, autor costumista madrileño que na súa obra **Escenas matritenses** fai mención ao Enterro da Sardiña do seguinte xeito “**O cortexo procedía do barrio da Latina e baixou pola Porta de Toledo ata a ponte do mesmo nome, rodeando o Manzanares. Na comparsa ía de todo; desde disfrazados con cabezas postizas ata romanos, pasando por berberiscos e penitentes. A mascarada facía ostentación da súa astrosidade e mal gusto. Abondaban as vasoiras molladas en viño a modo de hisopos, berros e cantos incoherentes, e amenizaban o conxunto catro ou seis gatazos negros atados polas patas na punta dun pau e enarborados en alto a xeito de pendóns... A sardiña auténtica ía na boca dun monicreque, o señor Marcos, levado nun grotesco ataúde...Na procesión formaban varios coros coas clases máis humildes da cidade, cabalos, cans que ouveaban e máscaras espantosas**”

O Enterro da Sardiña está reflectido no cadro do mesmo nome realizado polo pintor aragonés **Francisco de Goya** entre os anos 1812 e 1819. Nel o pintor plasma a vitalidade popular, a ledicia de vivir do pobo, que goza de liberdade e pode manifestarse sen ningún tipo de restrición, aínda que sexa nun tempo curto no que as leis e as institucións quedan abolidas. Aparentemente, o Enterro do Entroido debía simbolizarse enterrando carne e non peixe, que vai ser algo moi habitual na dieta gastronómica da Coresma, debido ao período de abstinencia e xaxún, que hai segundo o precepto cristián. Agora ben, na antigüidade, cando se comía de vixilia durante toda a Coresma, adoitábase enterrar un costillar de porco ao que se lle daba o nome de sardiña, distorsionándose o seu significado polo que no intre actual ten de peixe.

No obstante, **Federico Cocho**, dínos que esta interpretación non é obxectiva, debido a que non hai respostas axeitadas á persoa, lugar e momento no que se usou o termo sardiña cun significado diferente ao que ten hoxe.<sup>9</sup> Outra interpretación fai referencia a un sentido ambivalente da sardiña. Así, por unha banda simbolizaría á Coresma ao ser

---

9 COCHO, Federico.: **O Carnaval en Galicia**, Vigo: Xerais, 1992, páx. 282.

un peixe, mais por outra podería representar ao Entroido xa que ao comela salgada estimularía o consumo de viño.<sup>10</sup>

Este ritual comezou a implantarse nalgunhas cidades e vilas galegas a partir da segunda metade do século XIX. O motivo esencial foi debido ao desexo de incorporar costumes e tradicións da capital do Estado por parte daqueles grupos sociais que exercían unha maior influencia na poboación.

Polo que respecta á provincia de Lugo, temos constancia da existencia deste ritual na cidade de Lugo e nalgunhas vilas como Burela, Foz. Monforte, Valadouro, Vilalba e Viveiro. Noutras, como Chantada e Sarria, a súa implantación foi meramente temporal.

Trátase da escenificación dun enterro cristián no que o finado é unha sardiña, feita normalmente de papel e cartón. A comitiva vai presidida polo crego ou Gran Espetón (Lugo). Este - ás veces- vai baixo palio (Monforte de Lemos), acompañado de dous acólitos. Este vai dirixindo os cánticos ao longo da procesión. A continuación, van os sancristáns, os portaestandartes, as autoridades, as choronas, e, finalmente, o público en xeral. A procesión adoita acceder a unha praza (Lugo, Vilalba, Viveiro); á ponte dun río (Monforte), a unha praia (Burela) onde se len coplas ou escritos en prosa, que entrañan burla, ironía, sarcasmo e crítica, e que están referidos na súa meirande parte aos problemas que ten a cidade ou vila. Finalmente, o enterro pode rematar nunha inhumación simbólica da sardiña (Lugo), nunha incineración (Burela, Vilalba, Viveiro) ou nunha inmersión no río (Monforte de Lemos). Os membros das diferentes comitivas adoitan ir vestidos de cor negro agás en Viveiro que van de branco.

## **\*\* *ALGÚNS EXEMPLOS DOS ESCRITOS DO ENTERRO DA SARDIÑA.***

### **VILALBA**

**ANO 2003.**

---

10 MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: *O Entroido ou os praceres da carne*, Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 84, 2ª ed. Ed. Castro, 2003, páx. 157

O xuízo comeza cunhas palabras do **SR. XUIZ**:

Na vila de Vilalba no día...mes...do ano... de Deus de..., ten lugar nesta praza e neste intre o xuízo sumarísimo no que se aclararán os feitos imputados á acusada: Dona Sardiña da Auga Salgada, representada polo seu avogado defensor D. Inencio da Verdade da Boa, e actuando en nome do Ministerio Fiscal D. Fernando Federico Fernández de Fernández.

Ten a palabra o Excmo Sr. Fiscal.

**SR. FISCAL.**

Coa venia, Señoría. Preséntome ante este tribunal para reclamar a máxima pena para Dona Sardiña da Auga Salgada -aquí comparecente- que demostrou con tódolos agravantes a súa falta de civismo ao permitir e incluso alentar as máis deleznable conductas e actuacións que viñeron redundar moi negativamente no benestar dos vilalbes. O Ministerio Fiscal acusa a Dona Sardiña da Auga Salgada dos seguintes cargos:

1º. Por non poñer un pasamáns nas perigosas escaleiras que comunican a Praza de Santa María co auditorio municipal, facendo que a xente arrole por elas e chegue a trompicóns ata o río.

2º. Por permitir que veciños con evidentes mostras de falta de respecto ós cidadáns pinten as fachadas con cores doentes, que marean con só ollalos.

3º. Por deixar que persoas, que non merecen tal calificativo, destroces o mobiliario urbán, algo que é de todos e que todos debemos contribuir a manter polo ben común.

4º. Por arolar o sono reparador dos veciños das rúas da zona da movida co cunda cunda das músicas máis cañeras.

5º. Por perfumar polo verán as rúas no arrecendo cheirón dos contenedores, que refrescan as vías respiratorias de maneira fétida e noxenta.

Por todo o devandito e o que calo por falta de probas, solicito deste Tribunal se lle aplique a Dona Sardiña da Auga Salgada a máxima pena prevista.

**SR. XUIZ.**

Ten a palabra o Avogado defensor.

### ***AVOGADO DEFENSOR.***

O letrado defensor expón unha serie de actitudes e comportamentos levados a cabo por Dona Sardiña da Auga Salgada, que a eximen de toda culpabilidade. Distingue os seguintes:

1º. Por ter acadado que as nobres leiras de Lanzós e as fermosas pradellas de Mourence reciban a moi agardada e ben recibida visita das obras da variante.

2º. Por facer que moitos veciños conscientes da importancia de preservar o caso antigo da vila, arranxen as súas vivendas contando cas axudas que se lles prestan dende...

3º. Por animar, xornada tras xornada, ós rapaces do Disco Troco Vilalba-Breogán que arrasan alá por onde van, e cando quedan na casa tamén.

4º. Por poñer máns á obra para que se poida desfrutar das salutíferas augas do Alligal dunha maneira máis hixiénica e cómoda.

5º. Por reunir, con moitos meses de antelación a comisión de festas do San Ramón. ¡ Andá! E rima e todo.

6º. Por traer ó auditorio municipal a solemne sesión da Real Academia Galega na que Manuel María ingresaba en tan ilustre institución.

En definitiva...porque entre todos nós facemos de Vilalba un lugar agradable para vivir, para desfrute propio e admiración de forasteiros.

### ***SR.XUIZ.***

Eu, o Ilmo. e Excmo D. Ataulfo Alfonso Alfaguara das Torres Tortas e outras herbas, que non medran por falta de regadío. Honorable xuíz desta praza de Vilalba por gracia de Deus e un par de bos capóns. Ollando e escoitando tanto ao Excmo. Sr. Fiscal D. Fernando Federico Fernández como a Excmo. Sr. Avogado Defensor, D. Inocencio da Verdade da Boa, podo dictar e dicto a seguinte sentenza:

Condeno a Doña Sardiña da Auga Salgada, natural do Mar de Achola e veciña do Río de Acó, a ser queimada neste mesmo acto. Non obstante, gozará o vindeiro ano dunha merecida resurrección, acadando deste xeito o solemne beneficio soamente reservado a quen ten demostrado fefacemente a súa boa vontade, aínda que pegando algún que outro tropezón polo medio, pero sen chegar a caer de fociños no delicto.

Asinado e rubricado.

En Vilalba a día...mes... de ...ano.

**MONFORTE DE LEMOS.**

**COPLAS**

ANO 2011. “ *Que mal che fixo o club Lemos / ó Concello de Monforte /  
pra non darle a subvención? / Queren sentencialo a morte* ”.

ANO 2015. “ *Aos políticos de aquí / había que metelos presos /  
inauguraron o “Porto Seco”<sup>11</sup> e non lle ponen accesos/*”

ANO 2016. “ *O Tomé cos presupostos / vai camino de forzalos /  
na oposición estanche moi postos / e queren escarallalos.*”

ANO 2017. “ *Tantas fontes, tan bonitas /botan auga sen parar /  
e mentres o noso río / leva auga e algo máis.*”

ANO 2022. “ *Ca subida da electricidade / que estamos a sufrir /  
para pagar facturas / imos ter que delinquir/.*”

ANO 2025. “ *Moito se transita en Monforte / sobre todo en patinete /  
circulan por dirección prohibida / e por onde máis lles pete/*”

**FERREIRA DO VALADOURO**

---

11 Trátase dunha plataforma loxística para a distribución de mercaderías, situada no Concello de Monforte de Lemos. Foi inaugurada o 28 de Febreiro do ano 2014 por D. Alberto Núñez Feijoo, presidente autonómico e por Severino Rodríguez Díaz, alcalde de Monforte.

#### EGOÍSMO EGOCÉNTRICO

Muchos soys los listos que lucháis contra la central.  
Otra oportunidad de progreso que se va de nuestras manos.  
Vuestras verdes fincas serán abandonadas por los villanos.  
Nuestros hijos seguirán buscando trabajo en la capital.

No queréis que nuestro valle sea zona industrial  
Adoráis que nuestro futuro sea puramente ganadero  
ya podéis cambiar de dieta, y sin dinero;  
Vivir del aire puro, de los bichos y lo vegetal

En otro sitio estarían encantados de convertir un humedal  
En algo tan productivo como dos simples puestos de trabajo  
Dos familias con sus niños, pero os importa un carajo  
Valoráis más a Belón Esteban el Youtube o cualquier serial.

Tras una industria llega otra y tras esa otra más, es lo normal  
Pero donde ponen pegas a todo, se adquiere un perfil bajo  
Donde no te quieren, nadie viene ni a dormir bocabajo  
A vuestros hijos y nietos dejaréis esa herencia vital.

Gracias luchadores, por vuestra esfuerzo banal  
Por salvar ese humedal y que sobreviva un renacuajo  
Por lograr que este proyecto industrial sea un simple estropajo  
Por vuestra pobre aportación al progreso local.

Disfrutad de lo logrado, haced una fiesta anual  
La ocasión lo merece y yo por eso no me quejo  
Tenéis derecho a errar y yo ya soy demasiado viejo  
Para seguir preocupado por vuestro desatino grupal.

**NOTA: OS FERRETES <sup>12</sup> SOBRE O “ENTERRO DA SARDIÑA” DE LUGO VAN NA CUESTIÓN 9.**

---

<sup>12</sup> Estrofas de cuatro versos octosilábicos.



**FOTO 8. A MASCARADA DOS VOLANTES  
(SANTIAGO DE ARRIBA) (CHANTADA)**



**FOTO 9. XOVES DECOMADRES. A MATANZA DO PORCO. SANTA MARIÑA  
(MONFORTE DE LEMOS)**



***FOTO 10. CORRIDA DO GALO (ANSEMAR) (CASTRO DE REI)***



***FOTO 11. A MASCARADA DOS FARELEIROS (VAL DE FRANCO)  
(CASTRO DE REI)***



**FOTO 12. XOVES DE COMPADRES. A ROXA DOS TOXOS. DISTRIZ  
(MONFORTE DE LEMOS)**



**FOTO 13. ENTERRO DA SARDIÑA (LUGO)**

## **6.- ¿QUE IMPORTANCIA TEÑEN AS MÁSCARAS DE ANIMAIS E O SEU SIMBOLISMO DENTRO DO ENTROIDO RURAL DA PROVINCIA DE LUGO?**

En primeiro termo, é mester facer mención a que dende a antigüidade a máscara foi para o ser humano un instrumento básico para levar a cabo rituais de diferente índole: funerarios, belicosos, de protección da comunidade e do ámbito familiar, de fecundidade, de arredar os malos espíritos...Na actualidade, este instrumento ritualista quedou únicamente relegado a expresións de carácter festivo coma o Entroido. Nesta festa a máscara é un medio relevante de transformación e de cambio da propia identidade. No obstante, a presenza de máscaras de animais foi diminuindo considerablemente nos últimos anos. Así, **Alfonso García Santos**,<sup>13</sup> dinos que segue habendo representación de vacas en Tamicelas, Castro de Laza e Matamá, mais a Morena de Laza, segue sendo a máis coñecida; tamén, en Sande hai unha Morena que cun oso vai coas máscaras das Bonitas. Con respecto aos bois fai referencia aos bois de A Veiga.. En canto aos touros fai alusión aos existente por terras de Manzaneda nas comunidades de San Martiño, Bidueira, e na Mourela; así mesmo, en Trives queda o touro da Caniceira, e polo Bolo hai o touro de Celavente...

Na provincia de Lugo, hai dúas máscaras de índole animal. ***A que levan “os maragatos ou peliqueiros” no Entroido de Santiago de Arriba (Chantada), e a máscara do “Oso de Salcedo” (A Pobra de Brollón).***

Os “maragatos ou peliqueiros” adoitan vestir unhas pelicas de ovella, cordeiro ou cabra sobre roupas vellas; e levan pendurada do cinto unha choca ou campaiña. Ademais, utilizan uns cranios de becerro ou uns cornos de cabrito como remates para a cabeza, cubrindo tamén a cara. Estes teñen unha dobre finalidade: Protexer aos “mecos”, encargados de realizar “os oficios”, das intromisións foráneas, que traten de esnzaquizar a peza teatral. Tamén, amparan aos “volantes” cando van nunha comitiva, ou cando bailan no “Campo do Moredo”.

Dende a miña óptica, “ o volante” é a mascarada do Entroido máis vistosa da provincia de Lugo e unha das máis relevantes de Galicia e, tamén, de España. Hai anos a vestidura do volante era de cor branca, estando formada por unha camisa de liño e uns calzóns longos, que recibían o nome de “cirolas”. Co paso dos anos empezaron a levar unha

<sup>13</sup>GARCÍA SANTOS, Alfonso.: *Antroidos e Máscaras, Santiago de Compostela*: Ed. Sermos Galicia. De Nos. Monografías con perspectiva galega, nº 4, 2019.

camisa branca por riba da cal colocaban senllos “panos marinos”, traídos polos emigrantes de Ultramar, que ían cruzados en cada ombro. Na actualidade, debido a súa escasez foron substituídos por uns panos dunha gran variedade cromática, que recibiron o nome de “portugueses”, que van cruzados polo peito e atados na parte detrás. Ademais, a cabeza vai cuberta por unha tea de gran cromatismo, que une os seus bordos na parte posterior. A vestidura inferior está formada por un pantalón, que nos seus inicios era un calzón de cor branca, e paseniño coa chegada das teas comerciais foise cambiando por un de cor amarelo e vermello. Logo, leva unha especie de calzas ou medias, que cobren as pernas dende os nocellos ata os xeonllos, e que se abrocha dende o exterior. Como remate, uns zapatos novos. Á vestimenta do volante engádeselle un caxato de cana, que ten como función que o volante poida camiñar dunha maneira axeitada polos camiños e tamén para soste “ao pucho” nas paradas.

Os volantes levan na cara unha caraúta artesanal, que se realiza seguindo os seguintes pasos: 1º. Faise unha mestura líquida de fariña e auga. 2º. Prepáranse follas de periódico que teñan poucas fotos e cor. 3º. Logo, cunha brocha (pincel grande) úntase a masa, resultante da mestura, a dúas capas de periódico, que van superpostas. 4º. A continuación, colócase por riba destas dúas capas de periódicos un farrapo, que antano era de liño, ao que se lle bota tamén masa líquida. 5º Posteriormente, poñense dúas capas de periódico enriba do farrapo (especie de tea), unha con masa e outra sen ela, para que non se pegue “a forma” ou “molde”. 6º. Seguidamente, poñense uns carolos de millo (“carozos”) na parte dianteira da potencial caraúta para que vaia collendo a forma do nariz e dos ollos. Logo, enrólase cun cordón, que ten que ir moi presionado “a forma” ou “molde”, e introdúcese no forno. 7º. Xa no interior do forno, vaiselle dando algunhas voltas para que a cocción sexa o máis completa posible. Esta soe durar uns vinte e cinco minutos, sempre e cando o forno esté moi quente. 8º. Rematada a cocción, sácase a caraúta do molde e realizanselle cun ferro moi quente (“ao roxo vivo”) os diferentes buratos para os ollos; boca; e nariz, así como para colocarlle a goma, que suxete a parte posterior da cabeza á caraúta. 9º. Despois, cóbrese cunha capa de ovo batido para que a carantoña teña un aspecto de vellez. 10º. Como remate, cada volante ornamentaa como o considera máis adecuado; no obstante, sempre usando tonalidades negras. Non se permiten outros cores. A elaboración das caraútas corre a cargo de **Xoán Carlos González** quen usa varios moldes de madeira, algúns de cesión temporal. Antano, os volantes tiñan a súa cara tapada coa caraúta; isto daba lugar a que ninguén,

agás os maragatos, que acompañaban a cada volante, soubese a súa identificación. Hoxe, os volantes poden levala adherida á cara, ou tamén por riba da cabeza.

Ademaís, leva un cinto de campaiñas na cintura. Cómpre sinalar que dende sempre houbo dous cintos: o cinto grande e o cinto pequeno. O “cinto grande”, levado sempre por un volante veterano, consta de dúas bandas de coiro de marrán ou xabarín, das que colgan vintecinco campaiñas. O “cinto pequeno” posue o mesmo material que o grande; no obstante, consta de vinte campaiñas. Na actualidade, debido a que saen varios volantes, realízanse cintos, que van provistos de vinte. dazaoito, e dazaseis...campaiñas, segundo a idade do volante. Ademaís, dende hai uns quince anos fanse uns novos cintos de pel de becerro e cabalo, dos que penduran de catorce a dez campaiñas. Estes van destinados aos cativos, que fan de volantes, segundo a súa idade. Baixo o cinto, o volante leva un tecido de saco para protexerse dos golpes das campaiñas. Por riba do tecido viste unha faixa vermella ou azul. As campaiñas producen sons diferentes, o que motiva diferenciar entre dous tipos: os machos, que orixinan un son grave, e as femias, un son agudo. Noutroora, nos días previos ao Entroido as campaiñas, xa dispostas nos correóns (cintos), soaban todas as noites pola parroquia, xa que conviña que encaixasen ben no cinto, para que nos días do festexo soasen dun xeito adecuado. As campaiñas boas colocanse no “cinto grande”, que vai portar un volante veterano. O resto vai para outros cintos en función da veteranía, idade, capacidade física etc. Un mes denantes da chegada do Entroido *Xoán Carlos González* vai na procura de campaiñas a diferentes parroquias dos concellos de Carballedo (Lugo), Oseira (Ourense), Carballiño (Ourense), Cea (Ourense), Rodeiro (Pontevedra)...Logo, ao rematar a festividade devólveas o máis axiña posible. Desta maneira, pode garantir que nos anos vindeiros llas sigan deixando.

Finalmente, para rematar con esta mascarada temos que falar do “*pucho*”. Trátase do aparello máis peculiar e vistoso do Entroido de Santiago de Arriba. É portado por un volante veterano, que teña resistencia física e vigor, xa que ademaís de soste os trinta kilos do pucho e das campaiñas, ten que estar danzando a un ritmo uniforme tanto pola mañá como pola tarde. Este utensilio está composto dunha serie de elementos que lle dá ao conxunto unha visión rechamante. 1º. O seu sostén é un armazón de arames e vimbios, que asemella a forma do camarín da Virxe do Perpetuo Socorro de Santiago de Arriba. Antano, o pucho facíase con ramas de vimbieira, que eran delgadas e flexibles. 2º. Ao entramado ou armadura van adheridas moitas flores de diferentes cores,

realizadas con papel pinocho. Hai anos as flores eran realizadas con berzas secas e follas de millo rizadas.<sup>3º</sup>. Neste armazón tamén van fixados cinco penachos de plumas de diferentes cores. Dous a cada lado do pucho e un no centro. Noutrora, collíanse do camarín da Virxe. Hoxe, úsanse uns traídos de Ultramar. <sup>4º</sup>. Ademais, o pucho porta dúas bonecas: unha colocada na parte frontal e a outra na súa parte posterior. Hai anos, eran de trapo. <sup>5º</sup>. Como remate, cómpre sinalar as colonias, tamén chamadas cintas ou fitas, que penden dos extremos desta armadura semi-esférica e que chegan ata o chán. Antano, as colonias eran fachos de palla. <sup>6ª</sup>. O pucho tamén leva no interior da armadura unha cavidade na que o volante pode introducir a súa cabeza. Ademais, leva uns largueiros de madeira, que o volante vai empregar co bastón pra aguantar mellor o armazón. Na actualidade, a única persoa que sabe elaborar as flores do pucho, segundo a tradición parroquial, é Marisé Rei quen, utilizando como guía as fotos antigas, acadou paseniño realizar as auténticas. Finalmente, o volante co pucho por riba da súa cabeza vai brincando e movendose cunha adecuación entre ambas as dúas pernas, que posibilita un constante e ritmico son nas campaiñas, mentres que as colonias, de diferentes cores, voan polo aire. Hai a tradición de que un bo volante non debe deixar tocar no chán as cintas ou colonias .

A segunda máscara de carácter animal nesta provincia é a do ***“Oso de Salcedo”***.

O luns de Entroido, antes da saída do oso, un pequeno grupo da localidade adícase a recitar unhas cantigas de cego, nas que se fai alusión a algúns eventos ocorridos na comunidade. Logo, sobre as cinco e trinta da tarde oéñse voces, que anuncian a chegada do célebre plantígrado: ¡ Aí ven o oso! ¡ Aí ven o oso! . Polo cume dunha das rúas de Salcedo xorde un persoeiro enigmático, vestido con peles de ovella e unha caraúta, que asemella a un oso. Inicialmente era levado amarrado cunhas cadeas por un número variable de servos para soltalo a continuación entre a veciñanza da localidade e demais asistentes. A aparición do oso, anunciada tamén polo repicar dunha campaiña, provoca continuas carreiras e gritos no público asistente, que alborotan a toda a localidade. O animal non respeta a ninguén ata o punto que irrumpe nos bares para acceder as súas presas. Nesta tarefa o oso conta coa importante colaboración dos seus servos, que suxetan ás vítimas, para que logo poida tiscalas con “sarrío” e, mesmo, tirar ao chan a máis dunha. As continuas persecucións, que manteñen tanto o oso como os seus criados con respecto aos asistentes ao acto, continúan ata o anoitecer, momento no que o

ritual festivo remata, debido preferentemente á fatiga, que amosan tanto o animal como os seus servos.

Hoxe, contamos con varias interpretacións sobre o oso de Salcedo, dadas por investigadores, que analizaron non só a este oso cercano á serra do Caurel, senón tamén a outros doutras vilas e cidades, pertencentes ao Estado español. Para algún, a representación deste animal podería simbolizar o medo que os habitantes desta zona tiñan aos osos, que baixaban ás albarizas cercanas a Salcedo para se alimentar. Así mesmo, podemos encontrar simboloxías que relacionan a este plantigrado coa Lúa . Así, segundo o pensador francés *Gaignebet*, nas sociedades antigas europeas asociábase aos osos cos seres do inframundo, xa que se creía que os seus espíritos vivían no interior da terra, e o oso no seu letargo invernal permanecía nunha cova durante uns meses. Comentase que se o oso ao despertar sae da cova e o ve todo negro –periodo de lúa nova- remata o periodo invernal; mais se é lúa chea volverá a dormir corenta días máis. De aí que nos carnavais dalgunhas localidades españolas e europeas non é estrano ver como os mozos se tisan de negro para que o oso o vexa todo negro.. Por outra banda, o profesor *Yvon Dupouy* menciona que noutros lugares os criados relacionanse máis coa figura do cazador e defenden ás victimas, de tal xeito que non dubidan en matar ao oso. Pola contra, en Salcedo o oso é unha importante entidade á que se lle rende veneración para que protexa á comunidade. Constitue un importante símbolo, que anuncia a primaveira e ao mesmo tempo mostrase benefactor da fertilidade, que ten lugar na mesma. Trátase dun oso que entra na localidade de Salcedo como rei da festa, que se vai celebrar, mais tamén marcha da mesma con ese status. Tamén , cómpre ter en conta a opinión do etnólogo francés *Jean Dominique Lajoux* quen nos dice que as mascaradas protagonizadas por osos son pervivencias lejanas de una religión de origen paleolítico, un antiguo culto al oso, que existió en todos los lugares donde viven o vivieron estos animales. Finalmente, convén facer alusión a que no ano 2008 o traxe e a máscara do oso de Salcedo pasou a formar parte da colección permanente do Museo Internacional do Carnaval e da Máscara, situado na localidade belga de Binche. Isto motivou que a Asociación de Veciños de Salcedo tivese que encargarse de novas peles para realizar de novo o traxe do oso e a súa máscara.

Finalmente, no “Entroido de Val de Franco” (Castro de Rei) hai a “*mascarada dos fareiros*”, que está composta de tres ou máis persoas, que portan unha vestimenta de cor branco e unha caraúta de trazos sinistros. Nas súas mans portan un bastón do que pendura un saco de fariña na súa parte inferior. Antano, a finalidade dos fareiros era

protexer ás persoas, que acudían a ver “ a corrida do galo” dos xinetes, que participaban na mesma. Hoxe, a súa finalidade é protexer ao Entroido, non permitindo que as persoas se acheguen moito a él; e, tamén, cando vai a ser queimado están atentos de que ningunha persoa se acerque a fogueira. A caraúta dos fareleiros, amosa moitas veces un carácter animal, representando a un mono; tamén, a un oso, como ocorreu no ano 2025.



***FOTO 14. A MASCARADA DOS MARAGATOS  
OU PELIQUEIROS (SANTIAGO DE ARRIBA)***



*FOTO 15. A MASCARADA DO OSO DE SALCEDO  
(A POBRA DE BROLLÓN)*

***7. ¿ QUE PAPEL DESEMPEÑAN AS REPRESENTACIÓNS TEATRAIS. COMO  
PODEN SER POR EXEMPLO OS OFICIOS EN SANTIAGO DE ARRIBA, NO  
ENTROIDO?***

Os “oficios” teñen como base a representación e parodia mímica de diferentes eventos da vida cotiá onde o sarcasmo, a burla e a ironía constituen a nota esencial. Son realizados polos “mecos”, que son persoas de ambos os dous sexos, vestidos con roupas vellas. Antano, os “oficios” tiñan como base a representación de diferentes tarefas agrícolas ligadas co liño, coa sega, coa malla, coa colleita de patacas... No obstante, co paso do tempo comezaronse a parodiar diferentes actitudes, comportamentos e profesións da vida cotiá non necesariamente ligados ao agro. Estas pezas teatrais adoitan ser protexidas, como dixemos na cuestión cuarta, polos “peliqueiros ou maragatos”.

A nivel cuantitativo podemos mencionar que entre os anos 2012 e 2023 levaronse a cabo máis de 130 oficios. Como exemplos da totalidade sinalo os seguintes: “Os espantallos”. “Pozos artesanais”. “ Os furtivos do Miño”. “O retorno da emigración”. “Os zapateiros”. “ O exército do Moredo”. “Guarderúa do Moredo”.

**“ O trasplante de Moredo”** etc. Este tipo de representación tamen se realizan no “Entroido de Salcedo” (A Pobra de Brollón), onde recibe o nome de “disfraces de campo”. No obstante, en Salcedo non participan “os maragatos” no caso de que se queira esnaquizar unha peza teatral, xa que non existe a tradición de “romper os oficios”, algo fundamental no Entroido de Santiago de Arriba.

Os oficios adoitan ter un gran éxito entre o público da bisbarra, de concellos limítrofes e mesmo da cidade de Lugo, De ano en ano o nivel de afluencia, se o tempo acompaña, vai aumentando considerablemente.



**FOTO 16. A RUPTURA DUN OFICIO (SANTIAGO DE ARRIBA). (CHANTADA)**  
**“A GUARDERÍA DO MOREDO”.**



**FOTO 17. A RUPTURA DUN OFICIO (SANTIAGO DE ARRIBA).  
“PON A CARA, CARALLO, PON”.**

### **8.- ¿COMO VALORA O GRAO DE CONSERVACIÓN E DE COÑECEMENTO QUE EXISTE DO ENTROIDO TRADICIONAL NA PROVINCIA DE LUGO”**

A conservación do Entroido rural na nosa provincia é fundamental para manter viva a identidade cultural das comunidades que o celebran. Trátase dun patrimonio, que foi transmitido oralmente de xeración en xeración, no que que a xente maior xugou un papel esencial no ensino dos diferentes rituais; na realización das máscaras... Algunhas destas festas como O Entroido Ribeirao, e o Entroido de Salcedo están recoñecidas como Ben de Interese Cultural (BIC); isto supón unha protección legal.

Agora ben, a conservación do Entroido non implica que non sea dea a coñecer ao exterior, senón que sexa coñecido dunha maneira obxectiva por medio da investigación etnográfica e histórica, que permita documentar as súas orixes e simboloxía. Ademais, os centros do ensino xogan un papel esencial en canto que contribuen a achegar estas tradicións aos mozos/as por medio de proxectos, e actividades didácticas. Tamén, os museos do Entroido axudan a difundir e contextualizar estas festas. No obstante, a participación activa da familia e dos veciños é o elemento principal, que pode garantir

que a tradición entroidana continúe sendo unha festa viva e non unha simple representación para os visitantes. De todos os xeitos, hoxe asistimos a unha serie de retos que poden provocar a perda de coñecementos tradicionais o unha adaptación excesiva das celebracións a intereses alleos á comunidade. Estes son; o despoboamento rural, o envellecemento da poboación e a influencia do turismo. Polo tanto, cómpre fomentar políticas culturais que respalden ás asociacións locais e respecten os valores tradicionais. Ademais, todo o mundo é mester que faga unha reflexión ligada coa protección do Entroido, xa que está en xogo a defensa da identidade cultural dun pobo.



**9.- E CON RESPECTO AO ENTROIDO URBANO, ¿COMO SE CELEBRABA NO CASO DA CIDADE DE LUGO POLOS DATOS QUE VOSTEDE TEN?**

Nos dous último anos a concellería de cultura do municipio lucense planificou unha serie de actividades ludico-festivas reflectidas en animacións pola rúa; actuacións musicais; representacións públicas para os pequenos; concursos de disfraces nas categorías de infantil e adulto; e, tamén, a festa da filloa. Estas actividades levaronse a cabo entre o venres de Entroido e o mércores de cinza. No obstante, no ano 2025, denantes destes días celebrouse unha conferencia sobre o Entroido; e, tamén realizáronse talleres sobre “danzas do Entroido” e sobre “composicións satíricas e a transgresión”.

Polo que respecta aos días propios da festividade antroidana vou a sinalar os actos máis significativos.

**\* VENRES DE ENTROIDO.**

Ás 20 horas recitouse o pregón na “Casa consistorial”. Logo, tivo lugar “o concerto de Condensadores de Fluzo”. Finalmente a partir das 21,30 horas o recinto histórico veuse animado pola charanga “Os Chafalleiros” e a batukada “Escandalo de Sons” (2025), e a charanga “Louband” (2024).

**\* SABADO DE ENTROIDO.**

Entre as 11 e as 14 horas; e, tamén entre as 16 e 19 horas levouse a cabo a terceira edición da “festa da filloa” (2025) na rúa Quiroga Ballesteros. No ano 2024, esta celebración tivo lugar o martes de Entroido ás mesmas horas e na mesma rúa. Ademais, ás 17 horas realizouse o “concurso de disfraces infantil” (2024 e 2025). Posteriormente o grupo “Bloco Meigallo” (2024) animou as rúas a partir das 21,30 horas.

**\* DOMINGO DE ENTROIDO.**

Ás 12,30 horas os nenos disfrutaron coa obra de *Brais das Hortas*, que levaba por título “Consertasso na Horta”. Pola tarde, celebrouse a Gala de Circo Introitos (2025). *A Vela Circo* representou o seu espectáculo “O último en la Praza Maior”.

**\* LUNS DE ENTROIDO.**

A partir das 21,30 horas o grupo “Bloco Meigallo” alegrou as distintas rúas lucenses (2025); tamén, “Bloco Meigallo” e “Unión Phenosa” (2024).

\* **MARTES DE ENTROIDO.**

Ás 17 horas levouse a cabo o desfile de disfrances para adultos ( 2024-2025).

\* **MERCORES DE CINZA.**

Enterro da Sardiña a partir das 20 horas.

• **O ENTERRO DA SARDIÑA**

Nesta actividade, coa que remata o Entroido na cidade de Lugo, colabora a Concellería de Cultura do municipio de Lugo; o Círculo das Artes; e a propia “Confraría do Enterro da Sardiña”, que dende hai algúns anos está presidida por D<sup>a</sup> Olga Díaz.

Días antes da celebración do evento comezan os preparativos e os ensaios pertinentes. Estes teñen lugar, coma sempre, no Círculo das Artes, de onde o mércores de cinza sae a comitiva fúnebre ás 20 horas. Esta vai encabezada polo estandarte da Moi Nobre e Festiva Confraría da Parranda, que é unha réplica do mascarón pintado por Goya. A continuación, o Gran Espetón, especie de sumo sacerdote, vestido cunha roupaxe de cor negra – capa e capuchón- e vermella, que é o encargado de recitar “os ferretes” nas prazas do Campo e da Soidade e, logo, ao seu remate no templete da música. Este vai acompañado en ambos os dous lados dunha parella de acólitos, provistos de incensarios. Logo, viña un confrade, que levaba unha sardiña de cartón cravada nun tridente; este ía acompañado aos seus flancos de dous compañeiros da confraría, que levaban carteis alusivos ao Círculo e ao Concello ,como entidades colaboradoras do evento. Posteriormente, viña o cadaleito da sardiña levado nas súas andas por seis pescadores – a xeito de imitación- cos seus traxes de faena de cor amarelo; o cadaleito vai acompañado de dous confrades, que portan os estandartes alusivos a D. Carnal e a D<sup>a</sup> Coresma, e de dúas ringleiras de confrades vestidos con roupas de cor negro. No centro da comitiva fúnebre vai a banda; os seus integrantes van vestidos con roupaxe de cor vermello. Na parte final do enterro adoitan ir os seguintes estandartes: o do gato, coa súa tixola baleira de peixe; outro, coa grella; e finalmente os do burro e o porco, que levan inscritos dous ferretes que a confraría adoita cantar nas Prazas do Campo e a Soidade, respectivamente.

**Estandarte do Burro**

*Este é o burro do Entroido,  
levántalle o rabo*

**Estandarte do Porco**

*Este é o cerdo de San Antón,  
dende o fuciño*

*e bícalle o coiro,  
bícallo ben,  
ata o ano que ben.*

*ata o xamón,  
todo él sabe ben,  
in secula seculorum. Amén*

---

Pechaba a comitiva fúnebre o coro xeral e o público acompañante.

Con respecto ao percorrido iniciábase na Alameda ao carón do Círculo das Artes, onde se entonaba o primeiro canto, anunciando deste xeito o comezo da escenificación. A primeira parada importante tiña lugar na Praza do Campo, onde o Gran Espetón, recitaba as primeiras estrofas do Enterro da Sardiña, sendo coreado cun estribillo pola confraría en pleno, relacionado co estandarte do burro. A comitiva fúnebre, logo desta parada, continuaba a súa marcha pola Ruanova ata chegar á Praza da Soidade, onde se detiña de novo. Aquí o “Gran Espetón” volvía a pronunciar outras estrofas adicadas a Praza do Rastro e a capela da Soidade, sendo coreado cun estribillo pola confraría en pleno, mais esta vez relacionado co estandarte do porco.

Logo de cubrir o traxecto por Santo Domingo e a rúa da Raíña,- ás veces por algúns inconvenientes viñase pola subdelegación de goberno e Doutor Castro- a comitiva dirixíase, atravesando a Alameda, ao templete da música. Neste lugar, ao igoal que fixera na Praza do Campo e da Soidade, o Gran Espetón, recitaba un longo repertorio de “ferretes” onde a crítica ao Concello constituía a nota esencial. Finalizada a interpretación da última salmodia procedíase a enterrar simbólicamente á sardiña entre os lamentos das choronas. A participación era bastante numerosa. Ademais, podían incorporarse carteis a problemas moi puntuais.

Con respecto aos ferretes – composición poéticas de catro versos- todos estaban escritos en galego. Neles adoitaba facerse unha crítica ao comportamento e proceder dalgunhas autoridades de índole local, autonómica e, tamén, estatal, polo seu labor realizada ao longo do ano. Isto levábase a cabo nun ton humorístico, de burla e de sarcasmo. Ás veces, tamén se facía algunha loanza a algunha autoridade pola tarefa realizada ou no intre da súa despedida.

Dende hai varios anos calquera persoa do municipio pode facer os ferretes, que considere axeitados, e ademais pode entregalos para o concurso correspondente.

#### **ALGÚNS MODELOS DE FERRETES.**

*\* Concelleiros do PP / non faledes tan lixeiro/  
que moito que criticades / vos o fixechedes primeiro*

- \* Xerente da policía / e máis xefes a montón/  
pero nas rúas de Lugo / segue mandando o follón.*
- \* Do Concello Dona Branca / despediuse con emoción/  
por todo lle desexamos / éxito no seu labor*
- \* A nosa alcaldesa / prometeunos a praia/  
pero as súas promesas / lévaas a xeadá/*
- \* Do Auditorio imos falar / ou será mellor calar?/  
Cando o queiran inaugurar / vano ter que retellar/*
- \* Hai políticos lugueses / que ían traer o AVE /  
esqueceulles dicir cando / e tamén a que cidade.*
- \* Os que planean as obras / danme moito en que pensar.  
Ou non entenden os planos / ou só pensan en cobrar.*



**FOTO 19. A SARDIÑA É PRESENTADA AO PÚBLICO  
DA CIDADE DE LUGO.**



**FOTO 20. ESTANDARTES DO BURRO E O PORCO.  
ENTERRO DA SARDIÑA (LUGO)**



**FOTO 21. A COMITIVA DO ENTERRO DA SARDIÑA (LUGO)**

## ***10. ¿ QUE IMPORTANCIA DIRÍA QUE TEN O ENTROIDO PARA A SOCIEDADE GALEGA ACTUAL, NA QUE HAI UNHA NOTABLE HOMEXENEIZACIÓN, GLOBALIZACIÓN E PERDA DE VALORES LOCAIS E DE COMUNIDADE?***

Para reducir os efectos negativos da globalización no Entroido lucense cómpre protexer a súa esencia e reforzar a tradición local. Polo tanto, é mester tomar unha serie de medidas que afectarían ás institucións; á educación; aos veciños; ao turismo; aos medios e redes sociais etc.

\* Dende as institución oficial, e conveniente fortalecer o Entroido como patrimonio cultural inmaterial. Hai que apoiar investigación etnográficas sobre o Entroido lucense. Ademais, deben procurar axudas para asociacións veciñais e culturais, que sustenten o Entroido tradicional, respetando as formas tradicionais de cada localidade.

\* Con respecto á educación, convén incluír dalgún xeito nos programas escolares o Entroido analizando a súa orixe, os seus persoeiros esenciais, e o seu significado. Isto podía levar a cabo en “actividades extrascolares. Tamén, podería ser importante impulsar “talleres interxeneracionais” onde persoas cualificadas poideran ensinar aos rapaces os disfraces, rituais e cantigas tradicionais máis características.

\* Ademais, hai que incentivar a elaboración artesanal de máscaras e traxes peculiares fronte aos disfraces industriais. Tamén, cómpre organizar concursos e desfiles centrados úicamente en persoeiros do Entroido lucenses.

\* En canto ao turismo, hai que fomentar un turismo que recoñeza a súa autenticidade e o respecto, evitando a masificación. Ademais, e moi necesario que os visitantes estén informados dos códigos culturais, que amosa o Entroido, así como do comportamento axeitado, que hai que manter durante o Entroido.

\* Así mesmo, hai que divulgar o Entroido dende unha óptica festiva mais tamén cultural. Tamén, é mester dar protagonismo ás historias locais e a tradición.

\* É mester amparar a crítica social propia do Entroido

Desta maneira consentiríase que a festa evolucione de forma natural sen perder a súa identidade.

En contrapartida á globalización e a homoxeneización cultural temos que facer alusión a como na provincia de Lugo algunhas asociacións culturais están recuperando algúns Entroidos nos concellos de Pantón, e O Courel.

Así, a “*Asociación Segredos de Pantón*” leva dende hai anos traballando e dando a coñecer os Entroidos de *Budián e da Arribada* por medio das redes sociais e dos

medios de comunicación. No ano 2022 organizacon coa “*Asociación de veciños de San Brais de San Romao de Acedre*” unha saída coas figuras recuperadas do **Entroido de Budián, os Vandebranxos e os Farraquís**.

Pola súa banda, a *Asociación de desenvolvemento rural Serra do Courel, veciñas e ANPA* teñen como obxectivo manter vivo o patrimonio inmaterial desta festa popular galega así como as súas manifestacións nas terras do Courel. Na maioría das aldeas do Courel, segundo membros da Asociación citada, había *felos, mecos, xardoeiros, tiseireros e señoritas de Romeor...* Estas mascaradas visitaban as aldeas acompañadas de gaiteiros e tamborileiros, facendo soar un corno, anunciando a súa chegada.



**FOTO 22. OS SERMOEIROS DE “VAL DE FRANCO” (CASTRO DE REI)**

***11.- ¿ QUE PENSA DO FUTURO DESTA TRADICIÓN, TENDO EN CONTA A SÚA VINCULACIÓN DO MUNDO RURAL, QUE AGORA MESMO ESTÁ ESMORECENDO E, EN MOITOS CASOS, O SEU USO TURÍSTICO?***

Con respecto ao futuro desta tradición a miña resposta é moi incerta, xa que depende de no nivel de poboación lugareña, que sega vivindo vivindo nesa comunidade. No obstante, dende a miña óptica poden darse tres posibilidades:

- \* Que haxa comunidades que segan mantendo un nivel de poboación autóctono óptimo, e, polo tanto, podan seguir mantendo esta tradición aínda que coa axuda económica das institucións locais, e autonómicas pertinentes. Unha vila que conmemora o Entroido durante cinco días ou máis, non pode seguir mantendo o custo , que conleva esta tradición, por si mesmo. Isto e debido a que ten que facer fronte a unha serie de gastos difíciles de soste, tendo en conta que ao longo do ano hai que apoiar tamén a outras tradicións de índole relixiosa como pode ser “a festa patroal da parroquia” etc.
- \* As comunidades parroquiais máis pequenas é moi probable que a súa poboación vaia diminuindo co paso dos anos e non teñan poboación foránea. Nese caso para manter a

tradición é mester unirse a comunidades limítrofes, que teñan entroidos moi parecidos, aínda que coas súas peculiaridades. Chegada a data, O Entroido podería celebrarse un día nunha comunidade, dando a coñecer os seus rituais propios; e o segundo día, na outra, dando visibilidade aos seus. Deste xeito, as tradicións, sempre coa axuda das diferentes institucións, conservaríanse un tempo máis ou menos longo.

\* Finalmente, vai haber comunidades que aparte da poboación lugareña incorpore persoas foráneas con outras culturas e modos de vivir diferentes. Nese caso, eu penso que os migrantes teñen que integrarse ao novo medio social, axudando a que ás tradicións do mesmo poidan sosterse. No obstante, tamén creo que os lugareños deberían exercer un labor de reciprocidade cos novos inquilinos axudándolles a manter tamén as súas tradicións. Deste xeito, a solidariedade sería unha das bases fundamentais para vertebrar unha convivencia entre todos os grupos.

En canto, aos turistas ou persoas doutras comunidades, que veñan a coñecer estas tradicións convén que teñan un coñecemento dos seus códigos e manteñan unha actitude de acatamento ás mesmas.



**FOTO 23. OSO DE SALCEDO (A POBRA DE BROLLÓN)**



***FOTO 24. XOÁN CARLOS. ARTESÁN DAS CARAUTAS (ENTROIDO RIBEIRAO)***



***FOTO 25. MARISE REI. ARTESANA DO PUCHO (SANTIAGO DE ARRIBA)***



***FOTO 26. ENTERRO DA SARDIÑA (VALADOURO)***



***FOTO 27. QUEIMA DA SARDIÑA NA PRAIA (BURELA)***



***FOTO 28. ENTERRO DA SARDIÑA (MONFORTE)***



***FOTO 29. O CONSELLO XUDICIAL (VAL DE FRANCO) (CASTRO DE REI)***

## 12. BIBLIOGRAFÍA.

AMARELLE, Raquel G.. *Galicia en Entroido*,. Santiago. Xunta de Galicia. 2006, paxs. 44-

47

ARAÚXO, Emilio.: *Se toda a Vida dos Vellos e dos por nacer (O Entroido Ribeirao)*, Amastra-N-Gallar, Santiago de Compostela, 2014.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: Achegas históricas ao Antroido de Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI, en *Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga)* nº 19 ,2009.

CARO BAROJA, Julio.: *El Carnaval. Análisis hitórico-cultural*. Barcelona: Taurus. 1979.

COCHO, Federico.: *O Carnaval en Galicia*, Vigo: Ed. Xerais, 1992.

CHAO REGO, Xosé.: “O Entroido é unha entrada”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Coord. Xosé M. Carballo Ferreiro. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística, Lugo, 1993, .Dirección Xeral de Política Lingüística.

FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A.: “IV. Cara a unha busca do sentido do Carnaval ourensán”, en *As Caras do Entroido Ourensán. Deputación de Ourense*. Fundación Caixa Galicia, 2009.

FIGUEIRAS RÍO, Almudena.: *Modernización dunha Comunidade do Rural Galego. Análise Antropolóxica das iniciativas vinculadas co Concello de Chantada*. I Certame de Investigación do Condado de Pallares. Ed. Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares. Guntín (Lugo), paxs. 47-62.

FIGUEROA PAZ, Antonio.: Experto en Sistemas de Información Xeográfica (Six). Autor dos mapas de localización.

GAIGNEBET, Claude.: *El Carnaval. Ensayos de mitología popular*. Barcelona: Ed. Alta Fulla, 1984.

GARCÍA CENDÁN, Bernardo. “O desacougo da risa”, en *Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

GARCÍA SANTOS, Alfonso.: *Antroidos e Máscaras na Galiza Rural*. De Nos. Monografías con perspectiva galega. Ed. Sermos Galicia. Compostela. Galiza. 2019, páxs.78-79.

GONDAR PORTASANY, Marcial.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmo e o nós outros*, Vigo: A Nosa Terra, 1993, páxs. 173-174.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Oscar J.: *Mascaradas de la península ibérica*, Oviedo: Ed. Autor, 2014.

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: *As festas cíclicas do ano, Santiago de Compostela*: Manuais do Museo do Pobo Galego, nº2, 1991.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARIÑO FERRO, X.R. *Antroido en Galicia*. A Coruña: Deputación Provincial, 1987

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. *Guía de festas populares de Galicia*. Vigo: Galaxia, 1997.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “A Mesta Fraga das Festas de Galicia”, en *Tempos de Festa en Galicia, T.I. Entre os Reis e o Mes de Maio*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “As caras do Carnaval na periferia da provincia Ourense. O sur da provincia de Lugo”, en *As Caras do Entroido Ourense*. Deputación Provincial de Ourense, 2009, páxs. 276-290.

GONZÁLEZ, Javier.: *Comedias para un pobo, seis pezas de teatro*, Lugo: Deputación de Lugo. Vicepresidencia primeira. Colectivo Beladona, 2014, páxs. 57 e 73.

LISÓN TOLOSANA, C. *Antropología cultural de Galicia*. Madrid: Editorial Siglo XXI, 1971.

LISÓN TOLOSANA, C.: *Teoría Etnográfica de Galicia. Antropología cultural de Galicia, IX*, Madrid: Akal, 2012.

MARIÑO FERRO, X.R.: *O Entroido ou os Praceres da carne: Sata* (A Coruña). Ed. do Castro. Cadernos do Seminario de Sargadelos, 84, 2003.

RISCO, Vicente.: *Historiza de Galicia, dirixida por Ramón Otero Pedrayo. Etnografía. Cultura Espiritual*. Madrid: Akal.

TABOADA CHIVITE, X. *Ritos y creencias gallegas*. A Coruña: Edicións Sálvora, 1980.

VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, Xosé Manuel. “O entroido nas ribeiras de Chantada. A persistencia da festa”, en *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. T. VII. Vol. 2, 1995, pp. 249-258.

**INFORMANTES.**: Xoán Carlos González; Marisé Rei; Iván González; Carmen Rei e o seu cónxuxe Alberto; Ignacio Gayoso; Luís Prado; Carlos Rei Álvarez (Morito); Jordi González; Oscar Gayoso; Alexandra Cabanas; José Manuel Seixas; Lois Prado; Carlos Vigo Varela; Beatriz González e o seu cónxuxe Antonio; Jennifer Prado; David Rivera; Jandro Barciela; Esteban Lago;

## WEBS.

PIZARRO, Victor Manuel.: “ Entroido Ribeirao”, en [https:// ciudad-dormida. Blogspot.com](https://ciudad-dormida.blogspot.com).

## VI. OUTROS ARTIGOS DO “AUTOR” SOBRE O ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO.

BLANCO PRADO, José Manuel: “Primeira exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, *Boletín do Museo Provincial de Lugo*. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2005, páxs. 203-222.

BLANCO PRADO, J.M. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “O Entroido na Ribeira Sacra e en Salcedo. O volante, o peliqueiro e o oso”, *Tempos de Festa. T.I*. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páxs.127-137.

BLANCO PRADO, J.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: “Achegas históricas ao Antroido do Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI”, *Croa, nº 19*, 2009, páxs. 58 -84.

BLANCO PRADO, J.M.: “O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na Ribeira de Chantada”, *Lucensia, nº 39*, Lugo, 2009, páxs. 363-370.

“O Entroido na Diocese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na freguesía del Salcedo”, *Lucensia, nº 40*, Lugo, 2010, páxs. 163-77.

“2ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, Boletín do Museo Provincial de Lugo. Servizo de Publicacións da Deputación Provincial, 2012. 2010.

BLANCO PRADO, J.M e PERNAS BERMÚDEZ, Carme: «O Entroido Ribeirao. Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo)», *Croa, nº 22*, 2012, páxs. 78-105.

BLANCO PRADO, J.M. «O Entroido na Diocese de Lugo, III, O Xoves de Compadres e o Xoves de Comadres nas Terras de Lemos». *Lucensia , nº 45*,2012, páxs. 378-389.

*O Entroido en imaxes: mostra fotográfica da provincia de Lugo*. Deputación de Lugo. Vicepresidencia. Rede Museística.2012

“Aportacións sobre o Entroido Lucense”. *Anuario Brigantino nº 36*, Betanzos (A Coruña), 2013, páxs. 495-513

Autor da foto da portada do libro «*O Teatro no Entroido de Salcedo (A Poboación de Brollón)*», Deputación Provincial de Lugo, 2014.

“O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo. Anos 1985-2002”, *Anuario Brigantino*, n° 39. Betanzos (A Coruña), 2016.

**Terceira Exposición do Entroido na provincia de Lugo**, Mesón do Forno, Lugo, 2017.

“ O Enterro da Sardiña na cidade de Lugo. Anos 2003-2012. *Croa*, n° 29 . Boletín do Museo do Castro de Viladonga. Castro de Rei (Lugo), 2019.

“ Novas achegas históricas sobre o Antroido de “ Val de Francos” (Castro de Rei ) (Lugo) Segunda década do Século XXI”, *en Croa n° 31*, Castro de Rei (Lugo), 2022, páxs 96-127.

“ Rituais ancestrais do Entroido. Achegas históricas á corrida do galo en Galicia e nos concellos chairegos de Castro de Rei e Cospeito”, *en Pena do Encanto n° 11* ( Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos ). Instituto de Estudos Chairegos, Vilalba (Lugo), paxs. 9-23.

“ Achegas etnohistóricas ao Entroido da parroquia de Bazar (Castro de Rei) (Lugo) no século XXI ”, *en Croa n° 32*, Castro de Rei (Lugo), 2023, páxs.129-149

“ O Enterro da Sardiña en Vilalba (Lugo) dos anos 2003 ao 2006”, *en Pena do Encanto n° 12* (Boletín Informativo do Instituto de Estudos Chairegos). Instituto de Estudos Chairegos, Vilalba (Lugo), páxs. 7-18.

“ O Entroido Ribeirao de Santiago de Arriba (Chantada) (Lugo) (II)”, *en Croa n° 34. Boletín do Museo do Castro de Viladonga*. Castro de Rei (Lugo), 2024, páxs.174-207.

“ O Enterro da Sardiña en Monforte de Lemos” (Lugo). No prelo.